

**Viaxe á semente**  
**Dende os refachos do corazón ata**  
**onde habita o imaxinario**

Discurso lido o día 22 de novembro  
de 2013 no acto da súa recepción,  
pola ilustrísima señora dona

**Fina Casalderrey**

e resposta da excelentísima señora dona

**Rosario Álvarez Blanco**



REAL ACADEMIA GALEGA





## **Viaxe á semente**

Dende os refachos do corazón ata  
onde habita o imaxinario

O solemne acto académico  
no que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume celebrouse  
o 22 de novembro de 2013  
no Teatro Principal de  
Pontevedra.

Edita

Real Academia Galega

ISBN: 978-84-87987-89-2

Depósito legal: C 2082-2013

© Fina Casalderrey, 2013

© Real Academia Galega, 2013

Coordinación da edición e produción  
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Deseño da colección  
Grupo Revisión Deseño

Impresión  
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

# Viaxe á semente

Dende os refachos do corazón ata  
onde habita o imaxinario



**REAL ACADEMIA GALEGA**

**A Coruña 2013**



Discurso da ilustrísima señora dona  
Fina Casalderrey







Excelentísimo señor Presidente da Real Academia Galega, excelentísimas señoras e excelentísimos señores académicos, autoridades presentes, miñas donas, meus señores, querida familia, amigas e amigos todos que me arroupades neste día tan especial para min:

#### REFACHOS DO CORAZÓN

Gustaríame atopar palabras con forza para mostrar de maneira plástica o que realmente enchoupa arestora o meu templo privado, mais unha mestura de gozo e responsabilidade, ás portas do ingreso nesta insigne Casa de Noso e do Noso —como me adoita acontecer en situacións intensas—, vólveme virar nunha sorte de acordeón no que emocións opostas me estarrican e de inmediato me encollen, axitándome ata me restaren a lucidez que preciso para crear oportunas melodías públicas de gratitude.

Ben sei que sobra quen mereza entrar pola porta grande desta Institución Centenaria, que hai xente encomiable fóra da Academia que podería dende dentro facer un gran labor; mais comprobo que os anos me van dando ese punto de vaidade que me fai aceptar mercés sen opoñer demasiada resistencia, convencida de que non é porque vou cumprindo anos, nin porque son muller. Ningún dos dous criterios me parece un demérito, mais tampouco razón dabondo. Conste que os anos me deron a oportunidade de facer algunhas cousas, de ir abrindo ventás neste universo tan complexo que aínda sigo a explorar para tentar entendelo ou mesmo para soñar con cambialo; e ser muller permíteme a oportunidade de amosar que non é ningún

defecto xenético —só cuestión de azar nos cromosomas—, tal como xa o fixeron Olga Gallego, Luz Pozo, Xoana Torres, Rosario Álvarez ou Margarita Ledo, e tal como desexo que poidan seguir a evidenciar outras coetáneas. *A lóxica da mestizaxe non é masculina ou feminina, senón algo compartido por quen ve a pluralidade infinita da realidade*, di Margarita Rivière. Ao mellor é certo iso de que as grandes mentes son andróxinas, capaces de, nun enriquecemento mutuo, actuar por riba do xénero sen o negar.

En todo caso, moito lles debemos a esas mulleres que, ao tomaren elas a palabra, nos deron a coñecer outras maneiras de ler o mundo. E, moi preto de nós, a Rosalía —quen tivo que escribir coas irtas rabuñaduras de toxos e de espiñas. Non hai máis ca ler o prólogo que fixo para *La hija del mar*, onde pide irónicas desculpas pola ousadía de, sendo muller, escribir un libro no que recolle migallas de liberdade: “Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben”, remata. A Concepción Arenal, por nos abrir as portas á Universidade e, por ende, á universalidade. A Ernestina Otero, que viu na coeducación o antídoto para sandarnos de inxustas desigualdades. A María Xosé Queizán e a todas esas intrépidas corsarias —moitas aínda silenciadas—, que reclamaron, por min, o dereito a conquistar o cume das montañas e o abismo dos océanos na procura dun cambio de mentalidades. Non queremos ser un “fermoso poema en xaponés” que non se entende, tal como definiu no seu día o seu proxenitor á eurodeputada italiana Emma Bonino ao non ser quen de comprender como puido desprezar un partido tan interesante como podía ser o fillo dun boticario, só por ir estudar a Milán.

Fosen cales fosen as razóns dos académicos e académicas que pensaron en min, hei de revelar que entre as miñas para aceptar non están unicamente as de considerar que, quizais dende dentro da Institución, de igual xeito poden ser útiles á miña lingua e ao meu país —obxectivo marcado naquel 30 de setembro de 1906 por Manuel Murguía—, senón nunha luz potente e contaxiosa que descubrín nos ollos de Mariano, o compañeiro co que comparto o camiño dende hai máis de corenta anos, cando lle desvelei o escuro das miñas inseguridades e el me convenceu de que o que facemos pode valer incluso máis ca o que sabemos, que o exceso de humildade pode ser outro xeito de soberbia. Están, tamén, na voz emocionada do fillo ao teléfono, no sorriso perfumado da filla, na expresión indescribible do rostro de

miña nai, no “adiante” que lin nas reaccións de miña irmá, dos amigos e amigas, dos meus todos, cando souberon desta posibilidade que se me ofrecía. Iso, porfío, faime aceptar o que nun principio, talvez con maior cordura, quixen rexeitar.


Necesito un espazo para tantos agradecementos!

Grazas a Ramón Lorenzo —a quen non tiña a fortuna de coñecer persoalmente— polas súas palabras de alento e por ser el o misto que predeu esta labarada de hoxe. “Só as persoas realmente grandes te fai sentir que ti tamén podes ser grande” (Mark Twain).

Grazas, así mesmo, a Xosé Neira Vilas, a Manuel Rivas e a Rosario Álvarez Blanco por exercerem de emisarios de luxo ante o plenario da Academia.

A Rosario, compañeira de bacharelato en Pontevedra, dobremente grazas, por me estender hoxe a man nesta entrada.

Charo, gardo a túa reacción de infinita xenerosidade ante a miña petición en pano de Camariñas, no máis seguro acubillo do peito. Lembro cando, despois de moitos anos sen saber de ti, emerxiches naquelas Iª Xornadas do Galego no Ensino que se organizaran en Compostela (1984-1985). Eu presentaba unha comunicación sobre as múltiples posibilidades da dramatización na escola e o meu alumnado de Moraña representara, como mostra, unha peciña: *O carneiro ao espeto*. E ti —que na miña memoria quedaras nunha rapaza da Rúa Real, traballadora e intelixente, de ambiente urbano...—, impartiches unha magnífica conferencia na que non só falabas en galego con absoluto dominio, senón que esa sabedoría non te afastaba de min, do pobo, tal como sentía a outros intelectuais neofalantes que conseguían que moitos e moitas de nós, nos anos setenta, non nos atrevésemos a falar con xente “tan principal” en galego por medo de meter a zoca. Que paradoxos!! Percibiamos unha distancia tremenda cos de “i nembargante naquel intre...” Non era o “i eres a estrela” de Rosalía ou o “i eu” de Cunqueiro, o “i” que lles tiñamos escoitado a lugueses, a ourensáns..., senón seguido de consoante. Conste que hoxe intúo que o seu obxectivo, aínda que errado, non estaba en marcar diferenzas co pobo, senón en demostrar que o galego era apto para ser falado pola “elite” cultural. Ese “i” viña sendo unha sorte de “sinal de erudición”. Ti, xa daquela, tiñas claro que a lingua é



do pobo que a fala e é deber de quen exerce o poder, mesmo intelectual, rescatala e preservalo; de facer que prenda nas minorías cultas, sen deixar de lado a xente do común, dado que nin a lingua nin a literatura naceron para que as gocen tan só uns poucos. Alí comecei a xuntar a aquel afecto da infancia, a miña admiración. Grazas.

Así mesmo, quero mostrar a miña gratitude ás académicas e académicos polos azos recibidos. A Xosé Luís Méndez Ferrín polo agarimo con que me transmitiu a boa nova. Ao profesor Alonso Montero —gústame chamarlle profesor aínda que eu nunca tivese a fortuna de ser alumna súa— por ser el o primeiro en facelo público á prensa cun sorriso na ollada. A Víctor Freixanes pola súa prudencia de irmán.

Aproveito para expresarlles, a todas e a todos eles, a miña ledicia por aceptaren que este acto teña lugar na miña cidade patria, onde aspirei o recendo máis puro das primeiras aventuras. Estudei e namorei na Castroforte de Baralla de Torrente Ballester, onde se forxou o galeguismo. Son de Pontevedra, onde as pedras teñen alma; quizais abonde de explicación para comprenderen a escolla. E, por suposto, agradezo ao Concello a cesión deste Teatro Principal, tan preto da Caeira, tan preto de onde “un piñeiro secou de tantas balas”, que diría o Ferrín poeta, e tan simbólico por ter sido escenario de múltiples manifestacións culturais ao longo da súa xa dilatada historia —iniciada un 2 de agosto de 1878— nas que a música, o cine, as representacións teatrais, os xogos florais... tanto relevo acadaron. Aquí mesmo, M. Murguía, primeiro presidente da RAG, exerceu de elocuente mantedor nuns xogos florais.

Grazas a toda a xente que me achegou mostras de agarimo, á rede de bibliotecas de Galicia, aos escritores e escritoras, e ás e aos ensinantes a quen tan preto sentín e sinto.

\* \* \*


E dado que unha parte importante da miña vida está na escola, préstame deixar un espazo para os lembrar, un a un, unha a unha, a todos aqueles ensinantes capaces de, con moi pouco, facer tanto, porque foron, e son, entrega e resistencia, porque non cren na auga bendita en cestas de vimbios. Ensinantes que, sen ventos favorables, seguen a remar con forza e, tal como poetiza Gabriel Celaya, anhelan

que, cando un día estea a durmir a nosa propia barca, en barcas novas siga a nosa bandeira enarborada; impedindo, así, que volvan aqueloutros tempos nos que mestras e mestres anónimos vivían baixo sospeita, sempre dispostos a dar unha derradeira lección.

Ao carón da xente do ensino que medrou na ignorancia dunha nenez pechada, de ideais fusilados, de *caraelsol* na escola, domesticados na amnesia e na anestesia de contos que nos adormecían, vivín eu aquel marabilloso fervedoiro de entusiasmo no comezo das liberdades, sen saber que xa antes, nos anos da República, houbera un maxisterio inqueda no que xurdiran iniciativas a eito en col dun ensino máis axeitado ás ignoradas necesidades da Terra. Apoupiñando na memoria colectiva canto nos fora ocultado, fun penetrando nesa marea que fondeaba no escuro, entre as albas falsas dunha paz inocente, de feridas silenciosas, recompoñéndome.

Lembro os primeiros cursos de galego para ensinantes nos que profesorado e alumnado andabamos á par nos achados; aquelas sesións remataban nunha sorte de reunión de alcohólicos en proceso de rehabilitación que asumen o seu problema —neste caso de ignorancia e complexos— expoñendo emotivos testemuños para iniciarmos o tratamento de curación. A algúns de espontáneo non lles saía expresarse en galego —no seu ambiente de infancia e xuventude só estaba o castelán—, sen embargo mostraban a actitude positiva dos “conversos” e trataban de aprender o “novo” código. Ata sei de irmáns ben levados que, por naceren en diferentes momentos, uns soñaban nunha lingua e outros noutra os seus soños comúns. Alí comezamos a derribar valos. Enfiabamos na euforia as palabras que iamos rescatando para logo enchermos a boca con elas, tal como fixeramos na nenez cos morotes da beira dos regueiros que ensartabamos nunha herba seca, identificándonos co protagonista de *Arredor de si* que viñamos de descubrir. Imitamos ás ostras, que son quen de responder a un momento de dor fabricando unha perla, coa convicción de que ser apocalípticos non permite avanzar, que mellor é, como diría Gonzalo Navaza, ser “apocalípticos”, non perdermos a cripta dos soños.

Sabíamos que era moi importante ter unha normativa, aínda que houbera termos que, por desuso, nos parecían alleos, e mesmo aínda que nas relacións privadas fósemos transgresores. Eramos conscientes da importancia de que, precisamente por amor á lingua, era preciso pórmonos de acordo á hora de preservar a



fonética e de fixar un léxico, que a estima sincera tamén se demostraba cedendo. Non queriamos que ao galego lle pasase coma a Grenouille, o protagonista de *El perfume*, quen rematou desaparecendo, sen deixar rastro, esnaquizado por todos aqueles en quen tanta admiración e adoración espertara, por mor da maxia ruín daquel perfume sedutor. Ao final da novela de Patrick Süskind, os malfeitores, asesinos e ladróns que o fixeran desaparecer, por tiraren cada quen para un lado, sentíanse satisfeitos porque á fin conseguiran algo “por amor”. Nunca máis certo aquilo de *Hai amores que matan*.

Mesmo chegamos á conclusión de que nacer en berce humilde ou acomodado, na aldea ou na cidade, non ten que supor maior ou menor dignidade á hora de amasar o pan da identidade. Uns recoñecían que entraran na Universidade de Santiago —onde a principios dos 70 xa se intuía unha luz de rebeldía e a lingua galega comezaba a asociarse con posturas democráticas e progresistas— e que, nun principio, comezaran a falar galego porque era “progre”, unha sorte de insurxentes sen causa... coñecida. Hoxe non dubidan de que, ademais de na escola e no instituto, é na universidade onde está o corazón da influencia para converter o galego nunha lingua de excelencia, apta para todos os saberes.

A min, coma nunha guerra, tocárame no bando dos que camiñaban en sentido contrario, tratando de desprenderme da diglosia que se vivía no meu ambiente. E, coma nas guerras, aproveitei a oportunidade de cambiar de bando, algo que había un tempo me andaba a rebulir por dentro, dende que, alá polo ano 1970, con motivo do meu primeiro destino como mestra, dei con Avelino Pousa Antelo, un compañeiro de profesión que me ofrecera vivir coa súa familia e que falaba en galego, sen eses prexuízos que a min tanto me tiñan coutado. Alí comecei a atravesar a ponte da ignorancia, a podar sombras que me mantiveran descalza de información, esmagándome cun inmenso teito de pedra; unha situación que ata entón consideraba “natural” —a natureza é cruel ás veces—. Incluso pensaba que as cousas eran “eisi, porque si”. Nin sequera buscando nese lugar da memoria onde aniña o imaxinario, teño recordos de que a miña mestra, dona Digna, me fixese xuntar os dedos e me varease para me “persuadir”; a vara utilizabámola para sinalar, nun mapa pendurado na parede, as “rexións”: Galicia estaba ao norte, é dicir, máis preto do “ceo” ca outras, sen máis peculiaridades. Eu mesma, moi guiadiña, trataba de falar castelán,


desexosa de que gabasen a miña actitude e exclamasen aquilo de “¡Qué bien habla esta niña!” Mesmo cando a siña Aurora me ditaba en galego as cartas, eu, convencida de que o galego non nacera para ser escrito, transcribía ao castelán. Tempos de vixilia oculta en luces de mentira nos que nada sabiamos daqueles heroes intencionados que foron rebeldía estremada de soños e que, exiliados na clandestinidade, continuaron preservando a memoria; nin dos encarcerados ou mesmo asasinados tan só por defenderen unha identidade de noso. Nin de mulleres silenciadas —nin sequera aínda que as houbese na familia—, nin de mestras e mestres represados... E a lingua na que soñabamos fora quedando tan lonxe que quixeramos esquecerla.

En calquera dos casos, tanto quen se achegaba por primeira vez á lingua coma quen mamándoa na casa a quixera borrar, comezamos a traballar arreo pola recuperación, indignados e indignadas por todo o que nos fora ocultado e desexosos de o pregoar: reivindicativos, inspirados, eufóricos e fortes coma as vellas pontes de pedra en ganas de mudar moreas de circunstancias, comezando por nós mesmos, por nós mesmas. Daba igual cal fose a nosa especialidade, Ciencias ou Letras, queriamos apartar aqueles quilos de mala pintura que a ditadura vertera sobre a nosa cultura. Moitos e moitas eramos, e somos, unha sorte de María Mariño a exclamar: *Ouh terra, como te vas descubriendo!*

E todo o que aprendiamos naqueles cursiños ou preparando os exames que nos esiximos por libre na Escola Oficial de Idiomas, para obter o diploma de aptitude en Lingua e Literatura Galega, íamosllo transmitindo con ansia inmediata ao alumnado. Alí, digo, comecei a debullar ideais e, deseguido, a cuestionar aquela afirmación de “Es que yo soy ciudadano del mundo”, que pretende xustificar o rexeitamento ao patrimonio cultural e lingüístico herdado. É posible ser internacional e local: “Yo nací en ninguna parte”, dixo Valente. Con todo engadiu “Alejarme fue una forma de quedar aquí para siempre”.

\* \* \*

Coñecín máis tarde a un simpático cidadán do mundo, de once anos, que me regalou os oídos con comentarios amables sobre un libro da miña autoría que viña de ler, aínda que rematou reprochándome: “¿Por qué escribes en gallego?”



“Porque son galega”, respondín ao seu reto. “Galeguista, dirás”, corrixiu. “Galega”, insistín. “Entonces serás nacionalista, me lo explicó mi padre”, porfiou con ollos de neno sabio. “Nacín en Galicia, vivo en Galicia, amo Galicia, son Galega”, teimei, nunha reivindicación posible. Quedou un intre calado e logo quixo puntualizar, coma quen segue unha consigna mundial: “Yo no quiero hablar en gallego porque soy ciudadano del mundo”. E apostilou coa boca chea: “En mi casa todos somos ciudadanos del mundo”. “Si, do outro mundo”, pensei con tristeza, pero só lle preguntei: “De que mundo?”, simulando inocencia. Abriu aqueles ollos enormes, de paxaro, e dixo: “¿De qué mundo va a ser?, ¡de todo!” E eu, entre agarimosa e retranqueira, rebatinlle: “De todo, menos do anaquiño onde vives”. E aínda engadín: “Eu, cando era coma ti, fun cidadá do mundo dunha maneira; agora continúo a selo, ora que doutra. Quizais cando xa teñas percorrido o universo enteiro che pase coma a un tal Adrián Solovio, que non parou de dar voltas ata encher o baleiro que tiña no peito. Ou coma a min... Eu, se de súpeto me volvese paxaro, sería máis andoriña ca vencello, non aguantaría toda unha vida no aire, sen pousar en terra ningunha”. E deixeiño pensativo.

\* \* \*

Ás veces matino en como se podería recuperar aquel entusiasmo, cando tiñamos moi claro que a cultura galega non podía quedarse nun nostálxico recordo, que o principal obxectivo do galego na escola é abrir o mercado da lingua, sermos quen de facer que, ao remate do curso, o saiban falar e escribir mellor e, sobre todo, lle queiran máis que ao comezo; trátase de “fabricar esperanza para desconxelar o futuro” como diría o poeta (J. A. Valente).

Eu mesma, nun setembro diferente, alá en Xeve —nese pobo galego-falante, de corazón domesticado, que me modelou—, ao tempo que vendimaba íalles contando, a miña nai e a meu pai, todo o que viña de descubrir sobre a nosa lingua e a nosa literatura, acio a acio, premendo na memoria, coma quen fai mosto: a formación da lingua, o esplendor medieval e aquelas cantigas, os séculos de forzado mutismo... E Rosalía, e Curros, e Pondal... E as Irmandades da Fala, e Risco, Pedrayo, Castelao... E as Vangardas... E a Guerra, ese agosto que tinxira de invernia




os seus corazóns infantís: meu pai tiña nove anos e miña nai, sete. E, ao tempo que ía limpando os acios, tirándolles as verdes, as podres, as pasmadas... así lles ía arrincando os seus silencios de neve e todo o putrefacto que se lles fora metendo. E Cabanillas, e Cunqueiro, e Celso Emilio, e Dieste, e Blanco Amor...

Foi o meu xeito de lles pedir desculpas pola miña actitude anterior. E miña nai, obrigada tamén a traducir ao castelán os seus pensamentos para escribir, xunto con meu pai, aquelas interminables cartas ás Américas das tardes de domingo, comezou a recobrar a escrita espontánea que levaba tatuada na alma, sen que lla aprendesen na escola. Finou meu pai e ela, coma quen descubre unha capacidade creadora ata entón ignorada, mesmo se atreveu a exercer de poeta por primeira vez en setenta e tres anos, escribindo para el versos íntimos de despedida, en galego, nun galego de ortografía e léxico imperfectos, mais absolutamente auténtico. Resulta mesmo doloroso analizar polo miúdo este seu descubrimento serodio da forza da palabra escrita.

E hoxe, nesta estraña paz das cicatrices, recuperada eu, cal mariñeira que sobrevivise a un naufraxio de ausencias, quero romper mares de distancia e imaxinar a meu pai —que sigue cosido ao tecido da miña memoria con fío de seda— instalado na definitiva mansión, ergueito de fachenda coma esas canas indias polas que ruben ao ceo algúns deuses, espallando a nova: “A miña filla entra na Academia!”, algo que para el —e para min tamén— viría sendo unha sorte de título de nobreza. Meu pai, un mecánico de motores de barcos nos talleres Pazó das Corbaceiras (A Moureira - Pontevedra), que sempre lle tivo lei á xente nobre. El era un home nobre.

Grazas, meu pai, por non me ter en conta aquela miña absurda, ignorante e ata cruel reacción de adolescente ao pedirche que falases castelán diante das miñas amigas. Ti, forzado e xeneroso Amadís, preguntáraslle a unha delas que tal lle fora a seu tío nunha aventura que a rapaza viña de relatar: “Y que tal le ía?”, dixéraslle. “Leer? Leer, leía bien”, respondera ela, sorprendida pola pregunta.

E grazas a ti, miña nai, polas primeiras palabras que me bisbaches ao oído nada máis nacer e que foron tecendo na miña memoria virxe un ronsel de azucre, mentres eu apreixaba, inxenuamente feliz, o teu furabolos, sen saber dos ríos asustados, de miseria, nos que te criaches.



Grazas aos dous, a miña nai e a meu pai, por selo en calquera estación, por fantasiar grande sobre o meu futuro, por desculpar as miñas esixencias naquel tempo de tan arraigada diglosia e por conseguir, malia todo, que eu fose unha nena feliz. Quizais por iso, hoxe, nunha sorte de pueril rebeldía, hai palabras que utilizo por riba doutras profundas conviccións. Poño por caso: “Galiza” lémbreme o admirado Castelao, no entanto, “Galicia” é Xeve, é Lérez... *Galicia* di miña nai, dicía meu pai... Por aí van os meus estudos sociolingüísticos. Nesta loita pola recuperación, con trazados en zigzag, debemos traballar os afectos, é neles onde moran os máis fecundos recursos. A ninguén lle gusta que o empuxen pola forza:

“Cómo hacerte saber que nadie establece normas salvo la vida,  
que la mayor puerta es el afecto,  
que los afectos nos definen?” (Mario Benedetti)

Dispensen este meu mirar dentro, mais sigo a pensar que leva razón Manuel Álvarez Torneiro ao asegurar que “Se non miramos dentro, non estamos. Nunca seremos fóra”.

\* \* \*

#### UN CONTO PARA DON XAIME

Sermos fóra tamén é dar mostras de gratitude a toda esa xente entregada en manter o legado cultural e en nos contaxiar ideais dunha patria posible. E fareino, desculpen a miña ousadía, comezando cun breve relato:


Na súa cadeira de rodas, o ancián intenta seguir unha sonada cantiga popular a dúo coa coidadora. Un neno, veciño do mesmo edificio, corre escaleiras abaixo entoando a berros a mesma cantarela. Trata de chegar a tempo de lles abrir a porta do ascensor e coincidir na mesma estrofa: “...che levanta a saia e é moi mala de baixar...” O neno coñece ao vello dende que ten acordo e, igual que a coidadora, garda

razóns secretas para querelo e admiralo. Saúdanse cun sorriso cómplice e despídense cunha efusiva aperta.

De camiño ao Faro, a coidadora segue co repertorio de cancións que el mesmo lle aprendera antes de que a súa memoria se volvese intermitente. Á boa da muller, aínda sen a entender, divírtelle a reacción do seu benfeitor —tal o considera— que estoura nunha gargallada cada vez que ela lle canta aquilo de: “Somos republicanos de Juan Quincosta y de sal melón, somos todos hermanos y proclamamos revolución...”. E xa onda o Faro, axúdao a sentar nunha rocha. E así, fronte ao mar, cada quen debulla nos seus silencios. El, cos ollos cravados no infinito. Ela, na auga. Pensa na mañá en que chegou a aquela casa convertida en paxaro: no bico, cal comida para as crías, levaba unha palabra que non quería engulir. Fixo os labores sen abrir a boca. Preparou a paella. A palabra continuaba pegada ao seu padal e, cando viu que o señor xa estaba raspando aquel arroz torrado que tanto lle praciá, soltoulla no prato. “Oíu, don Xaime? Onte estiven en Baredo e porfiaron en que mercase un boleardo. E vostede non saberá que é un boleardo?” O home, daquela aínda enérxico, foi na procura dun vello dicionario. Non lle prestaba seguir co gozo gastronómico sen antes dar con aquela curiosa bola doce que se fai na Pontevedra Sur. E antes de volver ao arroz tostado, aínda lle dixo: “Sabes unha cousa, Angustias?, coma o boleardo gustárame a min que fose a actitude da xente da política diante da lingua: unha rosca feita de pequenas roscas, ligadas polo mesmo xarope de azucre.”

E ese recordo tráelle outros...

Anos atrás, e sen mediar papeis, o vello filántropo acompañáara ao banco para cancelar unha débeda que, unida a circunstancias familiares adversas, a estaba a afogar. “Non te preocupes, xa nolo irás devolvendo aos poucos”. E o “último pouco”, que aínda era moito para ela, lle fora condonado para que o empregase na formación do seu fillo. Así é ese sabio bondadoso, agora desmemoriado, que a tratou coa tenrura



dun pai. O vello, nun refacho de lucidez, decátase da súa melancolía: “Dóche algo?”, dille. “Non, é que se me meteu o salitre nos ollos!”, disimula ela. “Cóidate, non enfermes nunca!” —insiste el— “E vos-  
tede prométame non morrer nunca, porque a ver onde vou eu despois  
cos meus anos!” Cun bico na fronte firma a muller o pacto.

De volta, xa na costa, a coidadora aínda corta unha camelia e dálla na man. “Non llo diga a ninguén, que nos poden prender! Lévela a dona Cristina”. Os ollos del rin pillabáns e collen un brillo diferente, de neno feliz, ao escoitar aquel nome. Angustias empuxa a cadeira costa arriba e comeza a entoar a canción que a el máis risas lle produce: “Golifante, Golifante ” El remata a estrofa cun divertido “Pum!!”

\* \* \*


Moitas e moitos de vostedes intuirían que o tal don Xaime vén sendo Xaime Isla Couto.

O protocolo aconsella que lle dedique unhas palabras a esta figura egrexia do galeguismo que merece estar nos versos dos poetas, na memoria colectiva de todos os galegos e galegas e nos afectos de cantos o coñeceron. Non tiveron eu a fortuna de cadrar con el nas distancias curtas. Todo o que sabía sobre don Xaime —tal me pide o corpo, de igual modo, a min chamarlle— tiña que ver coa súa implicación naqueles grupos *Utreya* nos que descubriu a economía ao contacto coa realidade do país e que deron máis tarde na creación da *Revista de Economía de Galicia*; coa súa participación nas *Mocidades Galeguistas*, co seu labor no xornal *La noche*, ou en Galaxia e SEPT, ou con GRIAL... Podería seguir coa súa implicación nas Fundacións Isla Couto, Penzol, Otero Pedrayo, ou nas primeiras producións de música contemporánea en galego... Pero cónstame que vostedes dispoñen sobradamente desta información que a min me foi chegando ao través dalgunhas lecturas, biografías, entrevistas... Lembro, poño por caso, a recollida en *Unha ducia de Galegos*, que volvíñ ler e, dende o meu pesar adulto, reabríuseme a ferida de tantos nomes que me faltan por rescatar.

Necesitei entrar no seu templo privado, atopar a súa pegada íntima nos pequenos detalles: as barcas de metal, os reloxos de parede, os chapeus no colgadoiro da entrada, os Seoane, Laxeiro, Maside... Metinme no seu cuarto de pensar coma quen penetra nunha catedral en plena celebración: os estantes móbiles de deseño minimalista repletos de libros, a cadeira a carón da ventá, onde o imaxino sentado fronte dunha talla de Xesús Cristo, pedindo explicacións polo rumbo que está a tomar a incivilizada civilización, unha sociedade enferma por falta de ética, esa vitamina. Vino sentado na pequena terraza, fronte ao mar de Vigo, escoitando na voz do cativo Xoán Vidal a lectura dun fragmento de *Espantallo amigo*, en pago polo retrato que lle acababa de firmar coa estrela do emblema das Mocidades Galeguistas sobre a contorna das Cíes. Mesmo vivín o feito de recuperar a súa voz para apreixar, furtiva, anacos das longas conversas que a miúdo mantiña coa xente moza que o visitaba cando, ao tempo que acendía con solemnidade a súa pipa, lles falaba: “Temos que deixar a nosa pegada na sociedade sen agardar outra cousa a cambio máis que a satisfacción de vela mellorar”. “A nova situación política e económica, os novos espazos de relación, esixen o mesmo entusiasmo e o mesmo esforzo que puxemos nós. Agora tócovos a vós.”

E fun máis atrás. Imaxineino con nove anos, xa en Vigo, saíndo a fume de carozo dos Salesianos para se meter na casa a ler aquela primeira misiva que lle chegara dende Buenos Aires, en galego, coa que o seu admirado irmán Ramiro sementou nel a conciencia galeguista, pois é na infancia onde se constrúe a identidade do ser humano. Foi, o neno Xaime, testemuña compracida do momento en que súa nai lle ensinaba a ler a seu pai; feito que se lle había gravar na epiderme ata facer el da lectura un lema de vida. Non era difícil velo camiñar baixo a chuvia cun parau-gas aberto, un bastón e cos ollos pousados na páxina dun libro; ou paseando polo corredor da súa casa, entregado á lectura, mentres o cable da aspiradora se lle leaba nas pernas e unha entrañable Angustias berraba: “Don Xaime, que se vai esnafrar!” “Tranquila, muller, que a única vez que caín, non levaba un libro na man”.

Na miña visita ao 3º andar da rúa da Laxe, nº 11, dei cos ollos grandes de memoria cansa de dona Cristina Novoa e puideron imaxinar o momento en que, moitos anos atrás, nun baixo do Areal bailan por primeira vez e, sabedor da pouca habelencia para a danza, o mozo Xaime decide mercar un libro sobre a pedagogía



do bo bailador; logo, paso a paso, ou carta a carta, vaina levando canda si para, anos despois, coas iniciais dos apelidos galeguizados de ambos, coma quen tatúa na cortiza dun carballo o seu amor, sacan en Galaxia a colección *Illa Nova*.

Na memoria ferida de dona Cristina puiden atopalo detido nun semáforo, xa en verde, cun caderno apoiado no volante, entregado á tarefa de debuxar, mentres as bucinas dos coches protestan e el exclama: “Que barbaridade! A que vén tanto rebumbio?” E souben por que, deseguido, ela non atopou outro remedio máis ca exercer de taxista habitual.

Vino, nos seráns, conversando cos rianxeiros Manolo e Pepe, curmáns de Castelao, que o seu irmán Ramiro protexía na casa; e vin o seu rostro desencaxado ao saber que, cando pretendían fuxir a Portugal, foran “suicidados”, tal se facía constar. E souben das posteriores cartas de forzados eufemismos en castelán, das que, nun cofre especial, gardou don Xaime unha de Ramos Colemán na que, logo de saber que mataran a Antón Míguez Mouro, lle escribe: “Nosotros permaneceremos unidos en cuanto dure nuestro sentimiento, que durará más que nosotros mismos. La voz de los muertos lo exige y si nosotros caemos iremos a aumentar el número de los que lo piden. Afirmarnos a nosotros es afirmarlos a ellos”. Uf!, fai falta ser de ferro para non sentir calafríos.

Conversar con este valente home de paz —que ingresou en prisión a finais dos sesenta por saír dunha misa en honra a Rosalía cantando o *Venceremos nós*— tería sido un privilexio.

Quixen penetrar na intimidade da súa alma para me atopar directamente con el, con este intelectual galeguista, economista vocacional, xornalista, conferenciante, avogado, asesor xurídico, profesor, debuxante, deseñador, ensaísta, editor, sociólogo, pensador, político, e ata mariñeiro, que estudara na Escola Normal de Pontevedra aquel maxisterio inspirado no modelo da República, no mesmo edificio onde máis tarde fixen eu parte do bacharelato, ao se transformar en Instituto Feminino. Maxisterio que levou nas veas toda a vida.

Os seus 97 anos de entrega fonda e de compromiso firme con Galicia darían para continuar, mesmo ata a breve ancianidade na que, nos seus voos limitados, se transformou nun entrañable personaxe de conto que regresa a esa infancia que nunca deixou de o habitar.

## ONDE HABITA O IMAXINARIO


Eu tampouco non son quen de fuxir desa paisaxe, ategada de luces e sombras inesquecibles, á hora de escribir ou de me poñer transcendente. E puntualizo que é nesa infancia á que regresamos sen poder ou sen querer esquivalo, nese mar onde habita o imaxinario, no que desexo facer desembocar a miña intervención de hoxe; para poder concluír, convencida, que o universo enteiro cabe na memoria dun neno ou dunha nena e, polo tanto, son moitos os coidados que eses xermolos merecen. Mais como sei que ninguén nos presta atención polo que pensamos, oxalá saiba expresalo nesta persoal viaxe á semente da literatura.

“Todas as persoas maiores foron en principio nenos, aínda que poucas delas o lembren”, aseguraba Antoine de Saint-Exupéry. Creo que se trabucou ao supor que “poucas o lembran” e que hai unha maioría máis preto de Rilke ou de Mark Twain, quen afirmou: “De cando era neno podo recordalo todo, teña acontecido ou non”. E por suposto, a infancia dos que escribimos, ese lugar ao que regresamos, e non só na vellez, inflúe na nosa maneira de contar e no que contamos. Autores e autoras de toda a xeografía universal e de todos os tempos teñen buscado nas paisaxes da infancia e nas lembranzas da nenez esa fondura lírica e esa forza que carga de vitalidade e sedución as súas creacións, e non vou referirme, conscientemente, ás que teñen relación directa coa Literatura que chaman Infantil ou Xuvenil, senón ás concibidas para adultos.

Velaquí un percorrido, a grandes alancadas, por algúns dos nenos e nenas da nosa literatura non etiquetada como LIX:

No mar, no mar da infancia —e no mar bravo de Muxía— reparara Rosalía en *La hija del mar* (1859) que publicara con 22 anos. A ollada de Esperanza, esa nena orfa, lixeira e airosa, rescatada dun naufraxio en estrañas circunstancias, criada sen a presenza da figura paterna, garda similitudes coa infancia da propia autora. Esperanza, vén encerrando para Rosalía esa inocencia da nenez, ese alento que a ela mesma lle foi tan difícil manter vivo polas presións sociais do seu tempo.

E máis tarde, neses *Cantares Gallegos* que este ano volvemos celebrar (150 aniversario), a mesma Rosalía, tal como explica no prólogo, busca un espírito “sublime e cristalino”, unha inspiración fecunda para dar a coñecer a beleza da pai-



saxe e a harmonía e tenrura que de natural hai nos nosos cantos populares, con toda a forza e a maxia posibles. Daquela decide que ninguén mellor ca unha “meniña gaiteira” para que cante na lingua galega esas páxinas que ela “quixera encher de sol”.

En *Follas novas* a saudade da infancia emerxe en momentos coma no que volve ao adro da antiga Colexiata de Santa María de Adina, en Iria Flavia, e, en contraposición coas ausencias que atopa nese tanxer triste da campá, Rosalía lembra os días felices nos que o tempo andaba doutra maneira:

“Aquelas risas sen fin,  
Aquel brincar sen dolor,  
Aquela louca alegría,  
¿Por qué acabou?”

\* \* \*

Ramón Otero Pedrayo, ante a proposta de escribir as súas memorias, aseguraba que, malia ter notas sobre a súa nenez e a súa adolescencia “ciscadas polos caixóns”, nunca se atrevería a publicalas porque precisaba volver sobre elas, “sempre estarán a medio facer ata que morramos”, dicía. De aí que fose tres anos despois do seu pasamento, en 1979, cando o Patronato Ramón Otero Pedrayo, botando man das devanditas notas arredor das súas lembranzas de infancia, publicara *A historia de un neno*, na que o autor trata de fixar, non a súa alma de neno, senón a alma da nenez ao facer memoria da súa infancia en Trasalba e na cidade de Ourense dende que ten acordo ata o ingreso no instituto con nove anos, nese “mundo novo, feitiцеiro, acedo e descoñecido”. Escribe sobre esas lembranzas coma quen saca o tapón a un frasco de perfume para expandir o aroma, consciente do privilexio que supón ter unha nenez longa na que foi dono absoluto do seu presente.

Fala aquí da súa condición de fillo único, do primeiro sorriso que lle arrincou unha nena cos seus bailes, do que lle gustaban aqueles romances de don Carlos e dona Margarita que un parente da súa nai recitaba chorando, do cheiro das rúas e do recendo a perdiz e a lebre, ou a tostadas de manteiga que quedaron marcadas nos seus adentros; das institutrices e daquela escola de nenas maiores das señoras de




Hermida; dos alcumes dos veciños, do can que durmía baixo o leito do pai; do *Pazo do Campo* que tanto pánico lle metía, dos buxos do xardín, do medo á guerra e da mágoa pola perda dos barcos, do pavor ás máscaras do entroido, ás bruxas... Dos fortes berros no primeiro día de escola. Fala, así mesmo, de cando comezou a sentir o engado do que el chamou “o eterno feminino”, xogando co cabelo louro dunha nena de catorce anos, que de maior el vía por Ourense convertida nunha anciá con cabelo de la vella e que tanto recorda á Sabela de *Retrincos*. De cando a xente saía da consulta de seu pai rezándolle coma a un santo por non lles cobrar, dos parasitos nun hotel da Porta do Sol que os fixo trasladarse axiña a outro da rúa Real e daquela casa de baños na que unha muller, imaxino que de xenerosas proporcións, ao neno Ramón se lle semellou o deus Neptuno ao se mergullar nas augas. Lembra os xogos co seu amigo Vicente Risco, recortando personaxes de papel e argallando novelas nas tardes de inverno.

Estas memorias son, tamén, a crónica dun tempo vista con ollos de neno. E non só lembra a infancia senón que, desas vivencias, extraemos o relato tristeiro sobre a agonía dos pazos e os vellos tempos das casas grandes, onde todo era fartura, que lle contaba súa avoa nun galego que, malia saber el que o progreso non falaba, se lle antollaba fermosísimo. Da escoita furtiva das conversas e discusións de seu pai con amigos como Núñez de Arce ou Emilia Pardo Bazán, das que apenas podía entender algunha cousa; de todo iso colleu o neno Ramón os primeiros desacougos e preocupacións polo que estaba a acontecer ao seu redor ata se converter, en palabras de Vicente Risco, nun inadaptado. E moito dese romanticismo que bebeu na infancia está moi presente na súa obra. El mesmo dicía que a sociedade que retrataba e o barroco da súa escrita debíallo á súa nenez en Trasalba e ao seu contacto cos solpores, coa chuvia, cos cambios da lúa, co viño novo, cos trebóns... “Trasalba era, pra os nosos ollos de nenos, o berce do universo”.

\* \* \*

A. Daniel Rodríguez Castelao, esa herbiña ventureira na que soñou transformarse trala morte —e que conseguiu—, é un magnífico referente para o caso, capaz de manexar a retranca e o humor ata nos arrincar o sorriso máis espontáneo e, de



inmediato, cortárnolo a medio camiño, con exquisita sensibilidade —non exenta de aguillóns críticos—, en historias realistas, breves e contundentes, que poderían caber na palma dunha man. Historias que son coma foguetes das festas dende unha perspectiva da nenez: doen no peito ao estourar e, asemade, provocan un gozo íntimo.

Abondaría con reparar nalgunhas estampas de *Cousas* para acreditarlo. Na *Marquesiña*, poño por caso, con seis frases é quen de nos inocular unha inxección intravenosa directa á tenrura, na que podemos imaxinar incluso a vida da nai, a xornaleira que traballa na casa do Marqués, non só a da nena, tan oposta, por certo, á daqueloutro *nenito de manteiga* —ela, dentro da súa pobreza, dá xenio vela camiñar erguida e feliz na súa inocencia; el, malia ser criado na fartura, vémolos avanzar cara á nada—. Ou naquela dos *picariños que corren detrás dos automóviles* coma quen persegue un soño inalcanzable, quizais el mesmo foi un deses rapaces inquedados polos que sentía tanta mágoa, eses que non fican quedados coma postes. Ou naqueloutra que conta a historia dun *home de sona e creto*, dono de moito diñeiro nas Américas, e que, ademais de compañeiro de escola, fora destripador de cans e gatos, capaz de despojar a unha vella esmoleira de todo canto tiña, guindándollo pola ventá ante os ollos abraiados dos demais nenos. Remata o relato cunha sorte de pregaría: “Queira o Ceo que non volva”. Non estou eu segura de que o Ceo o escoitara, a xulgar pola corrupción ética instalada no planeta. Ou mesmo ese *Migueliño* que nos bate nos adentros só con imaxinar o que pode estar sentindo no momento en que, despois de recoñecer a tantos pais ben portados alí no peirao, ve a súa nai abrazada a un home de cera, fraco, con ollos afundidos e as orellas fóra do cacho, que non para de tusir. Son historias que nacen de feridas.

E neses *Retrincos* que xuntou coma floríñas dun mesmo ramallo, asegúra —e eu créolle— que non son máis ca lembranzas do Castelao neno. En *O inglés*, poño por caso, ese tal don Guillermo, despois de que alá na taberna de seu pai, na Pampa, con ton rexoubeiro lle dixera aquilo de “Agora tendes a escoadra submariña máis grande do mundo”, en alusión ao afundimento dos barcos na derrota de Cuba, acendera a súa vea belicosa e, con doce anos, quixo “asasinalo”, por patriotismo. Con esa excepcional capacidade de regresar á infancia, de espir a súa alma de neno, vainos metendo na anguria e carraxe dun rapaciño que ten o corazón encollido de

tanta morriña polas paisaxes nativas que vén de deixar, polos contos dos avós e polo que sabe dos emigrados á Guerra de Cuba.


Tampouco non esqueceu o “debuxante revolucionario máis admirado na URSS” —segundo as súas propias palabras— este sentimento de saudade na pintura. Reparemos en *O neno das piñas*, esa magnífica obra na que se ve un rapaciño subido a un piñeiro, fundido con el nunha aperta, que fixera para a *Exposición de Arte Galego* en Santiago (1926). “Chegando, procuras un pino e dálle por min unha aperta e un bico”, recorda Castelao terlle dito a un home que volvía á Terra.

Na novela *Os dous de sempre*, son os soños e os respectivos comportamentos do Pedriño e o Rañolas na infancia os que nos serven de profecía que anuncia o futuro de cada un deles. Nada expresa con maior contundencia o que máis lles importa na vida, tanto ao Pedriño coma ao Rañolas, que aquela brevísima conversa que mantiveron de cativos: “Pois eu se fose moi rico, moi rico, comería tres tartas diarias”, di o Pedriño. “Pois eu se fose moi rico, moi rico, andaría sempre dacabalo dun cabalo branco”, retrúcalle o Rañolas. Abonda para intuír as miserias intelectuais ou físicas dun e doutro ao longo da súa traxectoria vital, sen prexuízo de que o desenlace inesperado e desacougante empuxe ao lector, á lectora, a revisar aquelas tebras na infancia de ambos que, por mor da astucia do autor, puideron pasar desapercibidas.

Ben sabía Castelao que a infancia, ese manancial inesgotable no que tantas cousas nos parecían prodixios, é un pouco coma os clásicos e que nunca remata de o dicir todo.

\* \* \*

Rafael Dieste en *Dos arquivos do trasno*, neses contos nos que a fantasía, o misterio e a presenza do sobrenatural que pode haber no mundo popular adquiren rango literario —preocupación que o acompañou sempre, tal mostra o tema do seu discurso de ingreso na RAG en 1970: *A vontade de estilo na fala popular*—, para conseguir con maior eficacia ese “remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz”; así concibe o autor a maxia do relato



que conta acontecidos. En varios deles, nenos e nenas teñen unha importante presenza:

En *A historia dun xoguete*, despois do forte temporal, de que viñesen —narra Dieste— “pregoeiros destemidos dos escuros monstros que andaban xa a bruar polo horizonte”, é o feito de que sexa o fillo máis pequeno do mariñeiro, de Bastián, quen atopa a goleta de xoguete, é a cara do neno enchoupada de bágoas e risas o que mellor describe a traxedia e a intención do navegante de que, coma quen lles empresta os ollos, os seus fillos non o esquezan e sexan quen de chegar aos portos e mares nos que el estivo. En *O vello Moreno*, nese relato no que o mariñeiro conta, quizais, a súa propia historia de espera e de soidade que leva á infidelidade a unha muller, é precisamente a reacción dos nenos que, felices, remexen nos agasallos e lambetadas que acaban de chegar nos enormes baúis, a que fai que o drama da súa nai, esa muller que semella volverse pedra, adquira unha maior intensidade. En *O vagamundo*, aquel home brután que nunca fora á escola, nin ao mar, nin a traballar a terra, son as penurias que rodearon a súa infancia, os desprezos, o que case nos fai xustificar as súas intencións lascivas para coa mocíña das meixelas cereixa que está a lavar, ata nos dar mágoa. En *O vello que quería velo tren* é o contraste nas reaccións ao ver por primeira vez o tren entre a euforia do neno, que non para de falar, e o silencio do avó o que fai máis intenso o relato. En *Na morte de Estreliña*, esa nena tan obediente que, trala súa morte, na casa lembran todos os mandados que facía, deixa un pouso amargo, ao supoñermos que ninguén se preocupou de coñecela realmente, de saber algo dos seus soños. Tén este relato un certo aire con aquela entrañable *Marquesiña* de Castelao. Na historia de *Nova York é noso*, a efectividade é maior por ser un rapaciño quen trata de espallar a boa nova de que seu pai chegou de Nova York, sen conseguir que o resto dos rapaces lle presten a máis mínima atención e el, a piques de chorar, berra enrabechado aquilo de “Nova York é noso!” Desta maneira deliciosa recolle o autor, con extraordinaria contundencia, a angustia e decepción do cativo.

Non sempre utiliza Dieste a figura do neno para anegar de tenrura un relato; no caso de *O neno suicida*, é desacougo e intriga o que crea dende un principio; e débese precisamente a iso, a que é un neno quen se quita a vida, mesmo antes de sabermos que escollera nacer vello. En *Espanto de nenos* o narrador, que xa adulto

aparece de maneira explícita, describe o sinistro almacén no que aconteceron os feitos: “Xa non me lembro”, di. Mais acórdalle á perfección a angustia vivida cando, nunha fenda do teito, os nenos viron asomar aquel ollo inquietante. Quizais unha lembranza da nenez do propio Dieste que, de acontecer na idade adulta, ben seguro ía ter outra explicación menos engaiolante. Rescatar ese medo, tal como o sentira na nenez, é o que produce esa expectación e ese desasosego.

E poderíamos seguir con *De como viu a Rianxo unha balea*, onde tal acontecemento se converte nunha aventura ao máis puro estilo *Moby Dick* para esa memoria dun tempo virxe no que todo cabe, ou co agudo Matapitos, ese cativo pillabán que lle fai os recados a Don Miguel en *A fiestra valdeira*.


E, xa despois da guerra, no café Tortoni de Buenos Aires líalles Dieste a outros exiliados aquelas *Historias e invenciones de Félix Muriel*, que foron publicadas máis tarde (1943), nas que, nunha sorte de biografía sentimental, van debullando a vida de Félix Muriel, deténdose no neno e nos mundos máxicos que pode imaxinar ao través do cristal da súa ventá. Un neno capaz de lembrar incluso o momento da súa chegada ao mundo metido nunha cesta que un maragato levou á súa casa; e o xardín da escola, e seu pai, e o seu can Plinio, e as mulleres dos mariñeiros que agardan os barcos cargados de nostalxias, coma a do *Vello Moreno*. Aquí volven aparecer cuartos tenebrosos, coma en *Espanto dos nenos*.

En ambos os dous autores, Castelao e Dieste, a concisión e a brevidade, o lirismo, as emocións e o humor, a crítica social, Rianxo, o mar da infancia e a emigración alimentan a cotío a súa literatura.

\* \* \*

Outrosí Eduardo Blanco Amor, en *Os biosbardos* (1962), fai fermentar a memoria ata a transformar en literatura. No limiar, a xeito de xustificación, escribe dos perigosos xogos da saudade, dese revivir máxico dos acontecementos pasados, desa “fadiña de alto porte” que pon en boca de Noriega Varela referíndose á infancia; insiste en como se volve a ela cando se pensa con sentimento.

Teñamos en conta que cando escribiu *Os biosbardos* xa tiña publicada *A esmorga* e outros libros de poemas, ademais do que publicara en castelán durante a



forte represión dos comezos da ditadura; non é pois un libro de principiante, senón de quen reconece nos recordos de infancia as orixes do imaxinario, esa aventura do cotián que converte en transcendentales as pequenas cousas. Porfía nese limiar na necesidade de levar as letras ao lector do común: “Sin un interés maioritario, os nosos intentos darán no eivamento e no académico, i a nosa fala chegaría a ser unha sorte de Koiné requintada, pra ledicia e gabanza duns poucos”.


Estas sete historias que son, segundo o propio autor, as máis sinceras de canto escribiu e que forman parte das súas mellores páxinas, de acordo coa crítica, encaixarían perfectamente nunha colección xuvenil de hoxe: son relatos sen idade, narrados con esa forza emotiva da primeira persoa que poderían ler adolescentes, sen intérpretes. Os protagonistas son rapaces que falan das súas experiencias, por veces traumáticas, que nacen das lembranzas de Blanco Amor en *Auria*, o seu Ourense natal, dese mundo que, cantos máis anos cumprimos, máis queremos apreixar, “a xoia que me segue pertencendo”, asegura. Son historias que reflicten diferentes momentos do seu ambiente de infancia e xuventude: aquel Toniño Cobas de *A arrasadeira*, un fillo de señoritos que devecía por ir ás *arrasadeiras* coma os outros rapaces; de aí que, cando o pillan e o recriminan dicindo que el é “tan bo coma os outros”, el se sinta alagado. En *O noxo*, se o autor consegue producirnos unha inmensa aversión, ata doernos, é precisamente por ser un rapaciño, Abelardo, o que lle ía aos recados á eivada señora Fermina, o protagonista de tan repulsiva escena, na que a panadeira non se conforma con que lle corte as uñas e lle lave os pés, mentres ela segue de lería coa xente que lle fala dende o outro lado do mostrador coma se tal cousa, senón que, en postura obscena, lle pide que lle rañe nas costas e a el remata por lle poder o noxo e foxe. Resulta unha imaxe absolutamente aborrecible e asemade conmovedora. Ou o esgotamento de Alberte, o rapaciño de *O encalatro* que, vencido polo Crisanto e un puñado de castañas, lata á escola na procura dun soño inventado por este último. É a credibilidade con que o autor describe as penurias de fame, medo e frío do longuíssimo traxecto ata que, extenuado, o Alberte rompe a chorar aquelas bágoas que saen ardendo dos ollos e chegan frías á boca, o que nos mete no mundo dramático dos protagonistas ata nos encoller. A fascinación que, en *Bartolomeu i os biosbardos*, alcanza a sentir o Duarte polo Bartolomeu, chega ao extremo de lle facer crer que quizais se trata dun ser mitolóxico, un *biosbardo*. E que

auténtica a maneira de captar o sentir íntimo e intenso de angustia do mozote ante a certeza de que nunca máis vai volver ver aquela mociña con “aquil andar, dunha a outra punta do pé, coma se beilase...”

Mais onde realmente mostra Blanco Amor o imaxinario da infancia é en *La catedral y el niño*. É aquí onde aparece con forza a figura de Bichín, que narra en primeira persoa esas vivencias ao través da ollada desprevida e tenra dun neno; un neno que sente no peito todo o peso da Lei de Deus cando, disposto para recibir a comunión co seu traxe novo de cerimonia, téntano cun grolo de viño tostado e, cando xa o ten na boca, o grito histérico dunha das tías: “¡Bichín, el estado de gracia!”, faillo botar fóra axiña e vivir o resto da xornada coa angustia de pensar que unha soa gota lle puidese marchar pola gorxa abaixo e estivese en pecado á hora de recibir ao mesmísimo Xesús. Blanco Amor sedúcenos ata nos conmoer con este encantador Bichín que, naquel tedio estival da hora da sesta no mes de xuño, se axeonlla na cama, sobre as almofadas para lle chegar ao peitoril da ventá, e dende alí, coa cabeza apoiada nos brazos, contempla a catedral de Ourense. Non hai ninguén na rúa e imaxínaa convertida nun inmenso monstro durminte facendo unha laboriosa dixestión, logo de engulir moreas de persoas que aquela mañá entraran no seu ventre. Entón prende no sono “mientras los dedos del aire abrían grietas de frescor entre mis cabellos”, escribiu. A visión da *Auria* do seu tempo non tería a mesma forza crítica e descritiva se Blanco Amor non buscase nos berces da infancia, neses ollos inocentes de neno que nos dan cumprido testemuño dos feitos.

\* \* \*

Álvaro Cunqueiro combina coma ninguén a imaxinación ilimitada dun neno coa formación dun home ilustrado, dando como resultado esas historias de fantasía desbocada que corren coma a auga dun río en días de enchentes: cans que falan, cabalos que dan discursos e todo tipo de animais máxicos; mulleres de cristal que rompen, heroes de destino tenebroso, fantasmas, princesas encantadas, donas barbudas, sereas, demos enmascarados, ánimas da Santa Compañía, pontes que queren ser conquistadas por un acaparador de pontes, reis que soñan con ataques de *almorranas*, tesouros escondidos, paraugas políglotas, illas voadoras, heroes de



mil caras en perpetua transformación, inventores de soños que se materializan... Sorprendentes historias de ficción nas que, cos fíos invisibles da imaxinación cose avións e chocolate coa Grecia clásica.

Poucos coma el foron quen de combinar os “tesouros novos e vellos” para crear ese espectáculo de maxia capaz de transformar en literatura a realidade propia do Mondoñedo dos primeiros anos —aqueles contos e lembranzas da veciñanza que pasaba pola botica de seu pai— ao mesturala cos mitos e as lendas, tal como apuntou Francisco Fernández del Riego na súa resposta ao discurso de entrada na Real Academia Galega do mindoniense: “Quizaves Cunqueiro careza de ollos de adulto pra dexergar a vida. Dexérgaa ó seu xeito. E dexergándoa dista maneira, descobre siñificados e asociaciós impensables; anacos do mundo de maxia no que viven, sin se decatar, os nenos”.

Nenos coma o Xosé Regueira de *Os outros feirantes*, quen dende os sete ou oito anos tiña todas as noites o mesmo soño, a non ser que cease castañas cocidas con leite fresco. Un soño que lle permitía voar por riba de Sobrado e que houbo de aprender a dominar para non caer de golpe na cama. Ou coma o Fabián Carballido, que andaba nos nove anos cando o levaron ao San Froilán de Lugo e un vendedor ambulante lle “sacou” un pano dunha orella e unha noz do nariz, que envolveu no pano e lle regalou. O que tal chegou a facer o neno coa noz só se lle pode ocorrer a outro neno con capacidade para plasmar no papel o que lle anda a bulir no imaxinario. Esa maneira de narrar “clara e sinxela coma quen come pan”, permite que estas narracións poidan ser gozadas dende idades temperás, aínda que obviamente, as lecturas sexan diferentes.

As historias orais e o mundo mítico que alimentou a súa infancia conforman o seu inescotable imaxinario fantástico, ese mundo ao que el soubo darlle como ninguén a solemnidade do rango literario introducindo as súas ficcións no universo exclusivo da literatura.

O mesmo Felipe de Amancia de *Merlín e familia*, o entrañable barqueiro que, de neno, se puxera colorado cando estaba a piques de coñecer ao criado do Imperante de Constantinopla, e que de vello, se consolaba lembrando os tempos felices da súa infancia nos que foi paxe do mago Merlín, a quen comezou a servir con nove anos cumpridos e que devecía por Manueliña de Carlos, ten moito do seu



creador. “As relacións dos escritores coas súas criaturas sempre son ambivalentes, adoitan conter, dun ou doutro xeito, elementos autobiográficos”, aseguraba o autor. Felipe leva na súa memoria de neno, pintados de azul, os medos que sentía no catre daquel faiado onde durmía na casa do seu amo Merlín, e a fraga de Esmelle enteira, e os sonhos todos.


Os personaxes de Cunqueiro teñen, así mesmo, a imaxinación a rebordar e precisan contar o seu propio relato dentro dos relatos, coma se o seu mundo creativo non dese abasto.

El mesmo, tal como lle dixo nunha carta dirixida a Paco del Riego —doído por comentarios que falaban de que vivía nunha torre de marfil, alleo ás preocupacións sociais—, consideraba que o que levaba na súa cesta de escritor eran as mazás máis frescas da súa época.

\* \* \*

Xosé Neira Vilas é outro dos mestres da escrita que, con esa magnífica prosa que semella unha partitura musical pola extraordinaria riqueza léxica, se mete na pel dun neno en múltiples ocasións para nos introducir na sociedade que lle tocou vivir. Se Neira Vilas non escarvase na propia infancia para facelo agromar, non serían cribles. Poño por caso en *Memorias dun neno labrego* non omite a crúa realidade, aínda que pasada pola peneira da inxenuidade dun cativo: o padriño morre esmagado polo carro, o seu can Pachín cae na trampa para raposos, seu pai pégalle por lle emporcallar de ferruxe a cara ao Manolito, o mestre é andaluz e nin entende nin o entenden... Se o manancial de Balbino anega a memoria colectiva de cada galego, de cada galega, sempre a deitar auga fresca nas novas lecturas co seu poder evocador, se é quen de remover en poucas páxinas nas entrañas de cada un dos *Balbinos e Balbinas* que habitan en nós —por certo, hoxe adoptada polos rapaces e rapazas e, por ende, pola LIX—, hai outros moitos libros que o autor escribiu dende as lembranzas da nenez, nos que é na xente miúda onde está a forza da historia.

En *Xente no rodicio*, onde cada un dos relatos cabería nunha pequena poza pola súa brevidade e, asemade, podería ocupar océanos enteiros pola súa intensidade, Neira Vilas soubo captar ese torrente de forza que agroma do encontro con



ese tempo. Así, en *Suicidio* emerxe Andrés, un “fillo de palleiro”, orfo, que con catorce anos quere suicidarse por non ser quen de aturar máis desventuras ata que unhas palabras da radio lle fan desistir. En *Vidro e sol*, sentimos ese corazón a latexar de présa de Alfredo —o neno que sucumbe á tentación de beber o leite acabado de muxir que, coma cada día, debía levar a don Pedro, o feireante— ao guindar a botella baleira. Oímos como a botella escacha e se esnaquiza en espelliños. E logo, entre a mala conciencia e unha farta á que non está afeito, aínda podemos imaxinar o neno durmido ao pé do carballizo. A historia de *Abel*, aquel meniño tan deseado que nacera morto, non conmoería do mesmo xeito se non fosen elas, as catro rapaciñas quen, cada sete días, baixan ao adro para lle por caraveis, margaridas e xoguetes onda a tumba do irmanciño. Ou o de *Mariña*, aquela nena criada sen agarimo que, malia semellar que perdeu todo indicio de sensibilidade coma animal que naceuse nas terras máis frías, esperta toda a tenrura do mundo en canto sabemos da curiosidade por descubrir como é o mar, que lle roe coma unha serpe nos adentros e logo, cando á fin ten oportunidade de o ver e un relampo de felicidade alumea o seu rostro, vai e lánzase a el dende o dique, entregándose igual que fai o sol ao se meter no mar e morre o día. En *A irmá do Susiño*, volveu o autor utilizar a maneira de ler o mundo dun neno para, dende a súa inxenua perspectiva, contar a dura historia de prostitución e desprezo social que recibía a súa irmá Dorinda. O Susiño descoñecía a razón daquel drama na súa casa, pero participaba do desacougo que producía; así son os nenos e así, as nenas: máis novos ca nós, non menos intelixentes.

De feito poderíamos continuar cun libro que hoxe está nunha colección de Literatura Infantil: *Cartas a Lelo*, as cartas que Toño de Loureiro lle propón a Lelo —aquele amigo da infancia de Balbino— que veñen sendo a crónica poética dunha sociedade rural que Neira Vilas coñece ben, contada con ollos de neno.

A semente da infancia, lévaa o autor tan metida nas entrañas que agroma a cotío, mesmo en libros que escribiu na madurez e para adultos, coma *Querido Tomás*, onde describe a fermosa paisaxe das Insuas, en Ponte Ledesma.

\* \* \*

O Carlos Casares de *Vento ferido* métese na pel duns adolescentes para narrar as duras situacións da posguerra; consegue, ao través da súa memoria de infancia, afondar nos sentimentos e na sociedade do momento. Ou o Casares de *Sol de verán*, capaz de cantar á beleza e á melancolía a partir das lembranzas da nenez; abre o libro cunha cita de Albert Camus “A verdade de ser e de sentir” que o resume todo.

\* \* \*

Manuel Lueiro Rey en *Non debían medrar*, esa historia ilustrada por Isaac Díaz Pardo, ábrenos a alma dun neno que sofre de enurese nocturna e de malleiras como consecuencia, e que, de maneira absolutamente conmovedora, nos conta a viaxe que houbo de emprender sobre o lombo dunha pomba ata o ceo, para visitar a Raulito, o fillo do zapateiro que morrera días antes afogado no río.

\* \* \*

Ramiro Fonte fai memoria da nenez na triloxía *Vidas de infancia*, un percorrido conmovedor, de poética nostalgia pola Pontedeume da súa nenez, reconstruíndo aquel seu tempo.

\* \* \*

Neste mergullármonos nun pozo sen fondo, damos aínda coas nenas e os nenos dos poetas:

Os nenos tristes de Luís Pimentel que fan a comunión, que coñecen a morte e teñen medo, que deixan no mar unha vela branca trala súa ausencia, con nenas pobres que danzan a ritmo de valse para esqueceren os seus farrapos, ou cancións para que non durman, coma aquela que dedicou a Ramón Piñeiro...

Ou a rolada de rapaces que, segundo vaticinou Aquilino Iglesia Alvariño haberá por todas as vereas, argallando nos cómaros ao sol. Toda a súa poesía está marcada polas paisaxes da infancia: Abadín, o val de Mondoñedo, Seivane, Meira...

Ou aquel Curros que lles pide aos nenos que lle canten “un maio sen bruxas nin demos, un maio sen segas, usuras sin preitos, sin quintas nin portas, nin foros, nin cregos”. O mesmo Curros que lle canta a unha nena de “pestanas longuiñas” que chora onda a fonte.

E Celso Emilio, en *O soño sulagado*, fai unha chamada á propia infancia, á casa materna, na procura dese paraíso perdido. No poema *O medo*, describe de maneira conmovedora o terror que o neno lle tiña ao corvo da noite que pousaba nas derradeiras luces do solpor, ao vento que furgaba nas vereas e mesmo ao que se supón non debería ter medo, porque aquel neno levaba xa o medo cosido ao peito dende atrás; era un medo que lle viña das raíces do mundo e lle tremía no sangue. Ou naquéloutro no que *O neno preguntaba* de onde viña o vento, mentres este fuxía indiferente pola gándara.

Manuel María abre *Os soños na gaiola* dicindo que nas súas horas de soidade lembra a súa infancia campesiña e que deses recordos naceron eses case medio cento de poemas que compoñen o libro: “Os versos que este humilde servidor botou de menos cando era neno”

Poderíamos continuar con algunha das figuras relevantes da poesía actual que, do mesmo xeito, regresan á infancia porque saben que é nese lugar íntimo onde agroma acotío a vida, onde habita o imaxinario.

Manuel Álvarez Torneiro, en *Parábola do incrédulo*, di:

“Agora podería  
reconstruír os rostros das penas primeirizas,  
reconstruír a pel cortada dos anos  
recoñecer os soños  
e doutras deformacións do patrimonio”.

Fala, asemade, dos días brancos de non aforrar o presente, de non haber futuro, dese perfume de casa sosegada. “O neno era uns ollos de Alba aberta mirando”, escribe en *Luz de facer memoria*. E en *Os ángulos da brasa*, o recendo do mar da infancia chégalle coma o máis verdadeiro de todo o que leva vivido. Ben sabe que é onde goberna a infancia onde perdura a “parvularia ensoñación”.

Chus Pato, “nesas balsas de nutrientes á deriva”, detense no devandito tempo que nos devolve á primavera dos días:

(...) “Podo xurar que malia ao inverno escoitei cantar a Primavera a fotografía da nenez no labirinto de buxo” (...)  
(*Algunha dama de fortuna* de *Carne de Leviatán*)

\* \* \*

E, asemade, as narradoras e os narradores máis recentes seguen a deitar ese pouso máxico na súa obra para adultos:

María Xosé Queizán, nun dos relatos de cárcere, en *¡Sentinela, alerta!*, demóstranos que é o regreso ás lembranzas do pasado, aos deleites únicos das “man-teigadas e da lamprea” que facía a súa nai, o que salva a unha militante comunista que emprendera unha desesperada folga de fame. A posibilidade de volver gozar algún día deses sabores da infancia fanlle sucumbir e pide de comer.

En *Agosto do 36*, Xosé Ferández Ferreiro potencia o drama da guerra ao facernos reparar naqueles cativos que andaban tristes, que xa non saían xogar aos camiños, nin á eira, nin entre os hórreos e as medas; que se acubillaban á beira dos maiores, calados e arrepiados, cando lles chegaban os ecos dos disparos.

Manuel Rivas consegue retorcernos as entrañas en *A lingua das bolboretas* coa forza potentísima da mirada de “Pardal”, o fillo do xastre; aqueles insultos que lle profire ao mestre cando o pasean, e que terían que nos facer rir, na boca do neno e naquelas circunstancias, conseguen esfolarnos a gorxa. Por non falar de *As voces baixas*, onde nos presenta as lembranzas infinitas do Rivas neno, de tal xeito que reconstrúen a memoria de cada un, de cada unha, de nós. “A memoria devolve aquelas imaxes coma un activismo de vontade artística”, afirma.

A “Vilanova de Alba” desa sorte de triloxía de V. F. Freixanes, que forman *O triángulo inscrito na circunferencia*, *A cidade dos Césares* e *Cabalo de Ouros*, non é outra máis que a Pontevedra da nenez do autor —a mesma do cativo de *A caza das cascudas*— transformada en materia literaria.

Marilar Aleixandre, nos relatos de *Lobos nas illas*, móstranos a vila imaxinaria de Lobeira, para o que houbo de beber na memoria autobiográfica dunha nenez recordada. E en *O coitelo en novembro* damos con relatos nos que a infancia emerxe en primeira persoa, poño por caso naquel no que as troitas adquiren nome propio, por mor dunha rapaciña de once anos que aprende do seu avó como meterse na pel do peixe para poder pescalo.

Poderíamos seguir con clásicos vivos como Bernardino Graña, que viaxou á ese tempo de emocións inesquecibles para crear o neno orfo que aparece en *¡Madre o mar!*, a súa novela máis recente.

Ou mesmo con creadores e creadoras máis novos coma o Antón Riveiro Coello de *Casas baratas*, onde narra con ollos de rapaz as emocións máis sinxelas e perdurables; a Gaia-Mariña que lembra a súa nenez nas terras do Incio da María Raimóndez de *En vías de extinción*, que forxa neses espazos tan queridos a súa inquebrantable personalidade. Outro tanto acontece coas nenas que aparecen en *Sol de inverno* ou en *Corazóns amolecidos en salitre* de Rosa Aneiros...

\* \* \*

Que me limitase a indagar nun tramo da literatura galega non significa, insisto, que en calquera recuncho do mundo onde haxa un ser humano, o manancial da infancia non sexa unha fonte a burbullar:

Para Miguel Delibes, a infancia é unha das constantes aínda en obras pensadas para adultos. En *La mortaja*, escolle a figura dun neno rural, Senderines, que atopa ao seu pai morto na cama, espido. Senderines remove o ceo e a terra para vestir a seu pai antes de que ninguén o vexa. Esa reacción só se nos pode ocorrer se regresamos realmente á infancia, só aí ten o feito de estar sen roupa máis grande transcendencia ca a propia morte ou a posibilidade de o salvar.

Leopoldo Alas, “Clarín”, bota man dos xemelgos Rosa e Pinín para nos falar de tempos difíciles en *¡Adiós, cordera!*

Miguel de Unamuno, nun dos artigos recollidos en *Andanzas y visiones españolas* (1922), no que leva por título *De vuelta de la cumbre*, escribe: “No sé como puede vivir quien no lleve a flor del alma los recuerdos de su niñez”. Por certo, tamén


el sentiu necesidade de escribir a autobiografía de infancia e xuventude en *Recuerdos de niñez y de mocedad*.

Charles Dickens retoma os seus escenarios de infancia para moitos dos seus libros. En *David Copperfield* aproveita parte da súa autobiografía real para compondo a historia. Non foi un neno orfo, non obstante, segundo os seus biógrafos, sentiuse coma tal. Viviu a humillación de, aos doce anos, verse privado de ir á escola por ter que traballar nunha fábrica de betume e facelo nun escaparate. O que fixo foi transformar esas lembranzas de humillacións en literatura. E afirma: “Ningunha obra miña alcanza a expresar a secreta agonía da miña alma coma cando me vin entre esa xente tan distinta dos meus compañeiros dos primeiros anos felices, e sentín que as miñas esperanzas de ser un home culto se viñan abaixo... A miña natureza toda estaba tan conturbada pola dor e a humillación, que, aínda agora, famoso e gabado, a miúdo esquezo nos meus soños que teño unha esposa e uns fillos, incluso que non son un neno e retorno desolado a aquela época da miña vida”.

A infancia está presente na obra de Gabriel García Márquez, onde aparecen nenos que ven o xeo por primeira vez —*Cien años de soledad*—, ou asisten a un enterro —*La hojarrasca*— da man deses avós que lles abren as portas do mundo e imprimen de infinita tenrura algunhas das súas páxinas nesa “viaxe á semente”, como el lle dicía, quizais inspirado na avoa galega da que fala Carlos Reigosa en *A Galicia máxica de García Márquez*.

O éxito, tanto da novela coma da película, de *Las cenizas de Ángela* de Frank McCourt, en boa medida está en que conta a súa biografía en Irlanda observada cos seus ollos de neno. É a súa mirada a que a fai máis intensa e lle dá ese sabor acedo e doce que nos penetra coma un aceite. Outro tanto acontece con *Pa negre* de Emili Teixidor, que non tería a mesma vehemencia conmovedora sen os cativos protagonistas, ou con *Un mundo para Julius* do controvertido escritor peruano A. Bryce Echenique, por poñer algúns exemplos aleatorios. O mesmo Roman Polanski asegura ter botado man da súa memoria de infancia para facer *El pianista*.

O neno, a nena, coa carga de misterio que arrastra, ten moito interese humano como protagonista de novelas para adultos, quizais porque sexa certo iso de que a máis nobre aspiración do espírito é escudriñar na propia nenez e, cando o noso vaso



dos anos comeza a rebordar, vólvese un maremoto de saudades a nos inundar das lembranzas daquel lugar.

\* \* \*

A quen puxo atención nestas palabras, viranlle ao acordo múltiples ausencias absolutamente inabordables —tampouco non era o cometido—, se temos en conta que toda a literatura cabe na memoria da infancia. Unha viaxe á semente da literatura, sempre será unha peregrinación inconclusa posto que a vida enteira cabe nas lembranzas da nenez. É nela onde están representadas as cousas, onde habita a nosa capacidade fabuladora, ese xerme... Abonda con deixar fermentar os recordos para que logo poidan emerxer para crear mundos novos. Estamos feitos, feitas, de memoria, é ela quen esculpe o noso pensamento. Non hai máis ca reparar en cando unha ilustre personalidade vai ingresar nunha alta Institución, como pode ser nunha Academia, ou cando vai recoller un Premio Nobel, ou recibir unha honra institucional nun determinado lugar... Nos seus solemnes e emocionados discursos é precisamente nas lembranzas da nenez onde buscan o vínculo máis efectivo de afectos que os une a esa terra. Reparen nas palabras do profesor Xesús Alonso Montero cando foi nomeado Fillo Adoptivo do Concello de Ribadavia, por poñer un exemplo relativamente recente. A Ribadavia e a Ventosela da súa infancia agroman nos momentos máis conmovedores coma quen, enfariñado de nostalxias e felicidade, saca a bola quente do forno. Alí, conta, foi onde naceu como filólogo, aínda que seus pais “o nacesen en Vigo”. Na súa autobiografía das emocións lembrou ese tempo máxico. E adiviño que, así mesmo, a infancia emerxeu no discurso de Manuel González no seu benquerido Mazaricos, por un motivo semellante.

Son só algunhas mostras; ora ben, estou convencida de que, se houberse oportunidade de investigar na vida de calquera escritor, de calquera escritora, sexa de LIX ou de adultos, atoparíamos ciscados anacos da propia nenez. Ata tal xeito precisamos botar man da infancia que, quen por ter vivido duras circunstancias non a tivo, invéntaa para, logo, a forza de a repetir, acabar converténdoa en verdade.


\* \* \*



A infancia, nun dicir de Pablo Neruda, “son los zapatos mojados, troncos rotos caídos en la selva, devorados por lianas y escarabajos, dulces días sobre la avena, y la barba dorada de mi padre saliendo hacia la majesad de los ferrocarriles”. Neruda recoñecía que, no máis íntimo, a súa poesía, malia as súas viaxes polo mundo, pertence a esa primeira idade.

Eu tampouco non son quen de me desprender desa semente que me habita. Da miña infancia conservo lembranzas que, incluso non lle dando mérito no momento en que aconteceron os feitos, hoxe e sen saber a razón, viven en min coma libros clandestinos e permítenme contar o mundo dende aquela mirada. Ás veces eu mesma me vallo de voces infantís para agochar na súa inxenuidade ese absurdo para o que non atopo explicación.

A miña infancia é a voz de sabio bondadoso de meu pai transmitíndome na lingua da casa esas historias que me seguen acompañando, perennes coma tatuaxes permanentes, ese legado de sabedoría, esa biblioteca oral que imprimiu no meu acordo cando nena. Son as coplas que cantaba miña nai mentres da súa *Wertheim* saían puños e colos de camisa coma restras de chourizos; é o medo inmenso á fin do mundo que anunciaron para encetar o ano 1960, en contraste coa naturalidade coa que asistía aos velorios. A miña infancia son as conversas politicamente incorrectas —e que tanto me gustaban polo que me escandalizaban—, que escoitaba no “río” de lavar, o lavadoiro do Gramal, ás lavadeiras de oficio, que entretiñan a dor das frieiras nos dedos, ás veces esfolados, levantando a roupa íntima das súas señoritas coma estandartes nunha representación traxicómica: “Mirade as bragas da miña señorita”; son as silveiras da costa do Gramal convertidas en bruxas malvadas cando, por me entreter demasiado a xogar coa auga, tiña que subila cara á noiña, sen poder correr, co caldeiro a rebordar. É o momento en que descubrín que dun mesmo libro pode haber moitos exemplares idénticos, cando logo de pelexar co meu veciño Demetrito, convencida de que o que el tiña nas mans era meu, comprobei que o meu estaba na casa. É, outrosí, o instante máxico —que ben merecería o acompañamento dun redobre de tambores polas cóxegas de emoción que me estaba a producir no peito—, en que lle saquei das costas á miña boneca de cartón —a única que tiña— aquel cilindro do que saían os seus choros cando a deitaba; en



absoluto o fixera coa intención de a estragar, senón co desexo de lle atopar a alma, porque eu... eu tomaba a vida en serio.

A curiosidade na infancia é un xigante capaz de abrir as portas do mundo.

O agromar dun novo ser foi outro misterio nos primeiros anos, pois, como tiña prohibido asistir ao parto dos animais, todo o relacionado co tema estaba para min na feira que cada oito días había en Pontevedra. Alí era onde mandaba eu a miña nai para que me mercase unha irmá, ata que un día foi e a miña vida experimentou unha importante transformación. É tamén o privilexio de asistir persoalmente á voda de meu pai e miña nai, cando tiña trece meses. O brindado que fixen aquel 14 de setembro de 1952, logo de esixir: “Bota viño, bota!”, fora apoteótico. Mágoa non ter eu recordos propios daquel feito certo, para poder narrar en primeira persoa o relato de meus pais, fermoso coma todas as historias de amor.

Estas cousas e outras moitas, unha mancha de memorias infinitas, conforman o meu imaxinario, a miña semente do fantástico. Esta infancia, unhas veces sendo consciente e outras non, tamén aparece ciscada no que escribo, aínda que non sempre se trate de historias pensadas para a xente miúda.

\* \* \*


Teríame gustado comezar relatándolles aspectos extraordinarios sobre aquel meu tempo; de feito, cando empecei a publicar os primeiros libros e houben de confeccionar a miña biografía, xermoláronse unha morea de complexos —non nacera nunha biblioteca, meu avó ensinárame a cazar grilos, en troques de me ler anaquiños da *Odissea*— Nin sequera experimentara a “fortuna” de estar enferma de cativa, metida nunha cama varios meses, para que o meu xeito de me achegar á lectura tivese un aquel de romanticismo. Moitos autores e autoras coetáneos falan dunha infancia e adolescencia con acceso a portas secretas en sotos onde estaban os libros prohibidos. No meu ambiente, clandestino érao todo, ata un bico fugaz entre dous namorados; e esa porta a libros prohibidos nin sabíamos que existía. E non falemos do meu *Maio do 68*... Non atopei prodixios cos que poder impresionar a quen quixese saber de min. ¿Quen era eu? Unha mestra de escola a quen lle deu por escribir, igual ca a moitas e moitos outros que formamos parte desa xeración que Manuel Bragado deu

en chamar “Xeración Lamote”; unha mestra que tivo a estrela de que lle publicasen e de obter algúns recoñecementos, nada máis. A diferenza co paso dos anos é que hoxe penso que ser unha mestra que escribe incluso pode ter as súas vantaxes: as miñas probables eivas en fundamentos teóricos relacionados coa Literatura poden, se non, substituílas, si, disimulalas co que fun aprendendo do alumnado real, que me fixo ver que a literatura infantil é moi importante precisamente porque eles, os nenos e as nenas que a len, o son.

Tanto quen utiliza un personaxe infantil nas súas novelas, coa intención de provocar unha catarse nos destinatarios adultos, coma quen pretende seducir directamente a eses nenos e nenas, saben que na nenez hai unha maneira de ver, de sentir e de pensar o mundo diferente da que temos na idade adulta, sen que iso signifique que sexa menos interesante. A min, igual ca a outras moitas e outros moitos autores, apaixóname tentar atopar historias coas que engaiolar directamente a eses seres lúcidos e esixentes, capaces de actuar con inxenuidade e con crueldade —que tantas veces aparecen en narracións concibidas para adultos, como vimos de ver—, precisamente porque non saben de máis etiquetas ou prexuízos á hora de xulgar un texto ca os de “gústame” ou “non me gusta”.

Este percorrido a grandes alcancadas por algúns dos nenos e nenas da nosa literatura non etiquetada como LIX, mais literatura “diáfana”, que se pode gozar en idades temperás, lémbreme a Juan Fariás, quen asegura: “Cando curas de vaidades, se aínda che gusta escribir, falo dende a alma. Daquela, curiosamente sen pretendelo, fas Literatura Infantil, ou Xuvenil ou como coñ... vos guste chamar ao que só é literatura clara”. Quizais por iso, a maioría dos autores e autoras mencionados fixeron LIX sen procuralo intencionadamente; e a razón non está na idade dos protagonistas, senón no interese da infancia e adolescencia por esas historias. E aínda poño por caso, co *Suso de O crepúsculo e as formigas*, con fragmentos enteiros de *Galván en Saor* ou cos contos de medo de Fole tamén teño engaiolado ao meu alumnado de Primaria e Secundaria de diferentes xeracións.

E se, á inversa, facemos un percorrido semellante pola literatura catalogada como Infantil ou como Xuvenil, atoparemos as historias profundas, cheas de lirismo, de humor, de fina ironía... que sorprenderán e conmoverán a adultos que se acheguen a elas por primeira vez. Por suposto, a lectura será diferente por cuestións



obvias relacionadas coas experiencias vividas e, quizais, onde un neno escacha co riso, nós rematemos coa ollada humedecida. A literatura destinada a un público infantil e a concibida para adultos teñen máis temas e preocupacións comúns do que ás veces pensamos. Existe unha ponte entre ambas pola que pode transitar xente de calquera idade.

Se utilizamos a mirada da infancia, axitando con brío a memoria persoal para escribir un relato, unha novela, un poema..., por que nos custará tanto desprendérmolos deses prexuízos, que tanto afastan, cando estamos diante dun texto catalogado dentro da LIX? Iso só significa que é apto para degustar na infancia, nesa etapa á que tanto recorremos pola potencia conmovedora dos seus sentimentos cando escribimos para adultos. É polo que coido que entre as responsabilidades da RAG está a de ter presente unha especial atención a esta literatura que goza, ademais, dun alto poder normalizador. As construcións sólidas sempre se levantan sobre firmes alicerces.

“Te advierto que escribir para niños, no es escribir para tontos”. Isto foi o que lle dixo Sánchez Silva (o único Premio Andersen español, ata a data), autor de *Marcelino pan y vino*, a Delibes cando o estaba animando a escribir para a xente miúda. Moitas veces, cando dicimos “isto non o entendería un neno”, ten máis que ver coa nosa preguiza (ou incompetencia) para explicarllo que coa súa incapacidade emotiva ou intelectual para a reflexión. Entre quen pensa que os libros para nenos han de estar concibidos especialmente para eles e quen coida que calquera libro pode ser lido por calquera lector, hai algo ao que chego máis pola intuición ca por sólidos fundamentos teóricos. Eu, como dicía Dédalo, non como fixo Ícaro, nin moi preto do sol nin moi preto do mar...

A min praceríame atopar as mellores historias e ser quen de lles ofrecer á infancia e a quen se queira achegar sen menoscabo, coma quen fai zocos pequenos, pois, como di Neira Vilas en boca de Gumersindo, un dos personaxes de *Xente no rodicio*, “Os zocos para un neno levan menos pau pero dá máis traballo facelos”. Certo que un neno lambe as páxinas como beben os gatiños —talvez por esa razón, na idade media a palabra escrita presentábaselles recuberta de mel para que, literalmente, a saboreasen logo de a pronunciar por primeira vez—, mentres que un

adulto é quen de ler como beben os paxaros, erguendo a cabeza de cando en vez cara ao infinito; mais en ambos os dous casos precisan que a “auga” sexa potable.

E insistindo na auga, por veces mesmo soño con acertar cunha mina fresca de manancial, unha historia deliciosa, e dállela a beber a un neno, a unha nena, en vaso de cristal tallado, tal como facía M<sup>a</sup> Vitoria Moreno, para espertar na filla a sensibilidade cara á beleza ao tempo que calmaba a súa sede, sabedora de que o importante non son as cousas senón os sentimentos que estas provocan; así o conta en *Diario da luz e a sombra*, onde reflexiona con serenidade e valentía sobre a súa vida e a enfermidade que deseguida lla coutou.

Dende este lugar de privilexio no que me atopo, aínda quero reiterar a miña gratitude á xente de GALIX que, dende 1989, manteñen a LIX galega en contacto co resto do mundo e, en especial, a aquel “socio número cero”, que foi a primeira chave. Grazas, por suposto, a todas as mulleres e a todos os homes que, dende as Escolas de Formación do Profesorado e dende a Universidade, investigan e dan a coñecer unha literatura que chaman Infantil e Xuvenil; en particular a quen fixo a primeira tese de doutoramento sobre esta literatura que non renuncia a explorar os corazóns adultos e que existiu dende sempre malia permanecer invisible longo tempo; todas elas, persoas conscientes de que tendemos a negar o que descoñecemos.

En fin...

Eu, coma don Xaime Isla, quero ser optimista e pensar que é certo iso de que máis alá da neve sempre nace unha flor, que houbo un tempo no que nin soñabamos con estar onde estamos; desexo que a miña alma conserve un algo da inxenuidade da nenez por se volvesen os tempos de medos e silencio. Non sei o que faría nese terrible suposto, pero sei que os complexos de inferioridade con respecto a miña lingua e á miña cultura, esvaecéronse para sempre; non conseguirían, xa que logo, baleirarme por dentro.

É polo que quero cantar canda el:

“Venceremos nós,  
Venceremos nós.  
Algún día venceremos.

Dende o fondo da noite  
dime o corazón  
que algún día venceremos”.

E, coma don Xaime, quixen hoxe obrar coa cabeza e co corazón, e seguir a máxima da xente miña, que me insistiu en “se ti”.

Así, pois, fun eu.

O Cruceiro. Lárez, 22 de novembro de 2013

#### BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

Alas, Leopoldo, *¡Adiós, cordera!*, [libro en liña], Biblioteca Digital Ciudad Seva, <[http://www.ciudadseva.com/textos/cuentos/esp/alas/adios\\_cordera.htm](http://www.ciudadseva.com/textos/cuentos/esp/alas/adios_cordera.htm)> [Consulta: 6-11-2013]

Aleixandre, Marilar, *Lobos nas Illas*, Vigo, Xerais, 1996

Aleixandre, Marilar, *O coitelo en novembro*, Vigo, Xerais, 2010

Alonso Guirgado, Luís, *O relato breve. Escolma dunha década 1980-1990*, Vigo, Galaxia, 1990

Álvarez Torneiro, Manuel, *Luz de facer memoria*, A Coruña, Deputación da Coruña, 1999

Álvarez Torneiro, Manuel, *Parábola do incrédulo*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2006

Álvarez Torneiro, Manuel, *Os ángulos da brasa*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2012

Blanco Amor, Eduardo, *Os biosbardos*, Vigo, Galaxia, 1983

Blanco Amor, Eduardo, *La catedral y el niño*, Vigo, Galaxia, 1997

Cabana, Darío Xohán, *Galván en Saor*, Vigo, Xerais, 2003

Casares, Carlos, *Vento ferido*, Vigo, Galaxia, 1998

Casares, Carlos, *O sol do verán*, Vigo, Galaxia, 2002

Castelao, *Cousas*, Vigo, Galaxia, 1986

Castelao, *Os dous de sempre*, Vigo, Galaxia, 1990

- Castelao, *Nós*, Vigo, Galaxia, 1999
- Castelao, *Retrincos. Un ollo de vidro*, Vigo, Galaxia, 2004
- Castro, Rosalía de, *Obra completa*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro, 1996
- Cunqueiro, Álvaro, *Xente de aquí e de acolá*, Vigo, Galaxia, 1986
- Cunqueiro, Álvaro, *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, Vigo, Galaxia, 1988
- Cunqueiro, Álvaro, *Merlín e Familia*, Vigo, Galaxia, 1991
- Cunqueiro, Álvaro, *Os outros feirantes*, Vigo, Galaxia, 1991
- Curros Enríquez, Manuel, *Aires da miña terra e outros poemas*, Vigo, Galaxia, 1983
- Delibes, Miguel, *La Mortaja*, Madrid, Alianza Editorial, 2010
- Dickens, Charles, *David Copperfield*, [libro en liña], Wikisource, <[http://es.wikisource.org/wiki/David\\_Copperfield](http://es.wikisource.org/wiki/David_Copperfield)> [Consulta: 6-11-2013]
- Dieste, Rafael, *A fiestra valdeira*, Sada, Edicións do Castro, 1980
- Dieste, Rafael, *Dos arquivos do trasno*, Vigo, Galaxia, 1982
- Dieste, Rafael, *Historias e invencións de Félix Muriel*, Madrid, Cátedra, 1985
- Fernández Ferreiro, Xosé, *Agosto do 36*, Vigo, Xerais, 1991
- Ferreiro, Celso Emilio, *O soño sulagado*, Vigo, Xerais, 1991
- Freixanes, Víctor F., *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1976
- Freixanes, Víctor F., *O triángulo inscrito na circunferencia*, Vigo, Galaxia, 1982
- Freixanes, Víctor F., *A cidade dos Césares*, Vigo, Xerais, 2002
- Freixanes, Víctor F., *Cabalo de ouros*, Vigo, Galaxia, 2010
- Graña, Bernardino, *¡Medre o mar!*, Cangas do Morrazo, Edicións Morgante, 2013
- Grial*, n.º 157, Vigo, Galaxia, 2003
- Grial*, n.º 172, Vigo, Galaxia, 2006.
- Homenaxe a Xaime Isla Couto*, Vigo, Galaxia, 1996
- Iglesia Alvariño, Aquilino, *Cómaros Verdes*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2002
- Isla Couto, Xaime, *Construír Galicia*, Trasalba, Ourense, Fundación Otero Pedrayo, 1992
- Landín Tobío, Prudencio, *De mi viejo carnet*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1999
- Lueiro Rey, Manuel, *Non debían medrar*, Sada, Edicións do Castro, 1974
- Manguel, Alberto, *Una historia de la lectura*, Madrid, Alianza Editorial, 1998
- Manuel María, *Os soños na gaiola: versos pra nenos*, Lugo, Celta, 1968

- Méndez Ferrín, Xosé Luís, *O crepúsculo e as formigas*, Vigo, Xerais, 2004
- Moreno Márquez, M.<sup>a</sup> Victoria, *Diario da luz e a sombra*, Vigo, Xerais, 2004
- Neira Vilas, Xosé, *Memorias dun neno labrego*, Sada, Edicións do Castro, 1968
- Neira Vilas, Xosé, *Cartas a Lelo*, Sada, Edicións do Castro, 1971
- Neira Vilas, Xosé, *Xente no rodicio*, Vigo, Galaxia, 1989
- Neira Vilas, Xosé, *Querido Tomás*, Vigo, Galaxia, 2011
- Otero Pedrayo, Ramón, *A historia de un neno*, Traslalba, Ourense, Patronato R. Otero Pedrayo, 1979
- Pato, Chus, *Carne de Leviatán*, Vigo, Galaxia, 2013
- Pimentel, Luís, *Sombra do aire na herba*, Vigo, Galaxia, 1983
- Queizán, María Xosé, *¡Sentinela, alerta!*, Vigo, Xerais, 2005
- Raimóndez, María, *En vías de extinción*, Vigo, Xerais, 2012
- Rivas, Manuel, *¿Que me queres, amor?*, Vigo, Galaxia, 1996
- Rivas, Manuel, *As voces baixas*, Vigo, Xerais, 2012
- Riveiro Coello, Antón, *Casas Baratas*, Vigo, Galaxia, 2005
- Tarrío Varela, Anxo, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia Crítica*, Vigo, Xerais, 1994
- Tébar, Juan, “Los huérfanos de Dickens” en *Clij: Cuadernos de literatura infantil y juvenil*, n.º 66, Barcelona, 1994
- Unamuno, Miguel de, *Andanzas y visiones españolas*, Madrid, Alianza Editorial, 2006
- Unamuno, Miguel de, *Recuerdos de niñez y de mocedad*, Madrid, Alianza Editorial, 2006
- Vilavedra, Dolores, *Historia da Literatura Galega*, Vigo, Galaxia, 1999



Resposta da excelentísima señora dona  
**Rosario Álvarez Blanco**





Excelentísimo señor Presidente, excelentísimas señoras académicas, excelentísimos señores académicos, miñas donas, meus señores

Cando escribo esta resposta, Pilarteiros non está no *Nomenclátor de Galicia* nin se localiza mediante google maps, nin sequera se atopa grazas ao buscador do gran *Proxecto Toponimia de Galicia*, a pesar de que este conta xa con máis de catrocentos mil topónimos. E con todo existe. Este lugar da parroquia de Santo André de Xeve (concello de Pontevedra) quedará para sempre inmortalizado, no arquivo patrimonial dos galegos e na memoria dos que han vir, porque alí viu a primeira luz Fina Casalderrey Fraga, filla de José Casalderrey Canosa, mecánico, e de Teresa Fraga Couto, costureira. Nesa pequena aldea da contorna rural e labrega da Vila, lonxe das augas da ría e allea á Pontevedra salgada e mariñeira, naceu en 1951 a muller que nos acaba de falar, que ingresa hoxe na Real Academia Galega por ter unha voz propia e relevante entre os mellores narradores galegos contemporáneos e por ser unha referencia incontornable no campo da literatura infantil e xuvenil, dentro e fóra das nosas fronteiras.

De Pilarteiros ao Castelo, a aldea agromada ao pé do castro e forte de Cedofeita, empoleirado nesa atalaia natural desde onde os nosos devanceiros vivían o fondo da ría e o camiño que ía dende Tui a Santiago, o mesmo polo que, aproveitando a depresión meridiana, camiñaron os galegos de todos os tempos; trala independencia de Portugal (1139), este pequeno lugar onda o Léziz xogou un importante papel como defensa fronteiriza e foi obxecto de demorada disputa, incluso despois da sinatura da “paz do Léziz” (1165), ata que o propio apóstolo Santiago, en forma de raio, puxo fin definitivamente ao litixio, derrubando o cas-

telo e poñendo en fuga as tropas portuguesas, disque sen derramar unha pinga de sangue galego. Do outro lado, tamén ao pé da súa aldea, o mosteiro bieito de Lérez, lugar emblemático para moitos galegos, de querenza especial para todos os pontevedreses; imposible evocármolo sen nos conmover pola imponencia da paisaxe, sen un refacho de emoción nos nosos corazóns polo “san Benitiño do ollo redondo”, sen a nostalgia das romarías da nosa infancia e mocidade, sen que agrome un cantar no bico...

Non falo por acaso de maneira demorada deste espazo vital en que pasou os primeiros anos a nova académica, entre as ruínas do vello castro habitado aínda hoxe polos mouros e a máis leda tradición de romaría ancestral. En palabras súas, o ambiente rural dos seus primeiros anos e as historias que lle narraba seu pai contribuíron a modelar o seu obradoiro do fantástico. Os seus lectores, os moitos lectores de idades moi diversas, saben e comprobán unha e outra vez a súa querenza pola vida da aldea como un espazo idóneo para que os seus personaxes descubran a vida, se realicen como persoas en contacto cos animais e a natureza, experimenten a amizade e as relacións persoais no sosego e intimidade da comunidade, gocen da liberdade de movementos, vivan doutro xeito o tempo libre...; incluso, algúns dos seus personaxes vilegos teñen unha aldea á que volver na fin de semana ou unha casa dos avós á que acudir como escapada ou rito de iniciación. Tamén a aldea é o lugar idóneo para vivir a propia vida e criar os fillos, pois, fiel ás súas orixes, Fina segue a ter a casa familiar en Lérez.

Entre O Castelo e a escola da Porta do Sol, primeiro, e o instituto de Pontevedra, despois, transcorreron a infancia e a primeira adolescencia. Digamos que, na altura, a Porta do Sol, ao pé do empalme coa estrada de Santiago, era a capital de Lérez; de alí partía o trole que unía a parroquia con Pontevedra, pasando o río pola ponte do Burgo. E alí, na vila, cos meus dez anos cumpridos (ela once!), en primeiro curso do bacharelato, foi onde os nosos destinos se anoaron por primeira vez. Álvarez e Casalderrey fomos bater xuntas en 1ºA de nenas, curso 1962-63. Daquela, en Pontevedra só había un Instituto Nacional de Enseñanza Media, no edificio que está a carón das ruínas de San Domingos; era director e alma do centro don Xosé Fernando Filgueira Valverde, o home que o era case todo na Pontevedra da época, académico da nosa corporación durante máis de medio século. As mulle-

res nun piso, os homes noutro; entrabamos no instituto separados e saíamos ao recreo por portas distintas, o que non evitaba que os e as maiores se xuntasen na Gran Vía, na Alameda ou nas Palmeiras. Pecho os ollos e podo vernos, pequeniñas e uniformadas: mandilóns brancos cun vivo que cambiaba de cor segundo os cursos; saia de táboas e chaleco grises, con botóns dourados; camisa branca; garabata azul; chaqueta de punto tamén azul, co escudo do instituto, que acrecentaba ao de Pontevedra, sen coroa, unha pomba de ás abertas sobre a ponte, a cruz de Santiago por tras e a lenda REPLE.CORDIS.INTIMA, que agora, xa adulta, me confirma a suposición de que a pomba era o Espírito Santo.

Se cada un de vostedes bota a vista atrás e revive a súa experiencia escolar entre os dez e os catorce anos comprenderá que, naquelas aulas e naquel ambiente, se teceron fíos invisibles que a Fina e a min, coma a outras que vexo presentes, nos unen para sempre. Durante catro anos compartimos grupo, aula, compañeiras, profesores, recreos, excursións a Portugal...; tamén a segregación do Instituto Feminino, dirixido por don Marcelino, e o traslado para o edificio que daquela aínda se chamaba “a Normal”; as camiñadas coas pesadas carteiras na man (aínda non se usaban as mochilas), eu ata a Fonte dos Tornos e ela, aínda, rúa Real abaixo... E, por suposto, o privilexio de ser alumnas do mellor ensino público, naquel instituto de Pontevedra, verdadeiramente exemplar, tanto nas súas instalacións coma na dedicación dun cadro de profesores que mereceu o noso recoñecemento e gratitude eternos. Evoqueino saudosa no meu discurso de ingreso na Real Academia Galega, pronunciado no Paraninfo da Universidade de Santiago, e reitéroo hoxe diante dun público máis próximo e experiente que, estou segura, concordará comigo no recoñecemento e nos agradecementos.

No feixe de lembranzas van tamén experiencias ou vivencias compartidas, que hoxe poden parecer pequenas, pero foron únicas. Como, por exemplo, a nosa primeira visión da neve: era o 2 de febreiro de 1963, sábado (porque daquela tamén tiñamos clase aos sábados), sobre a unha da tarde, cando, en medio da clase de gramática (española, por suposto), unha das irmás Bouzas, que non debía estar moi atenta ao encerado nin ás palabras de dona Maricarmen, berrou “profesora, profesora, están cayendo algodones”. Caían sobre o tellado da Deputación: ela, que disque viñera das Canarias, nunca tal cousa vira, pero nosoutras tamén non (tam-

pouco a miña avoa Rosario, que nacera cando ao século XIX aínda lle quedaba unha década por diante). Botáronnos para a rúa e o día foi, tamén para o comercio, medio festivo; dicían, daquela, que había 103 anos que en Pontevedra non caera unha folerpa. Vivimos asemade, tamén, o irreparable desgarró interior debido á pouta da morte, que de maneira imprevista a ela lle levou unha boa compañeira, que tamén ía para mestra, e a min a mellor amiga.

Arredor dos catorce anos veu a separación. Ao rematar o bacharelato elemental, Fina encamiñouse á nova Escola Normal, edificada no Borrón, á beira do río Lérez, e canda ela fóronse moitas outras compañeiras, non poucas por abandonaren aí os estudos. No meu recordo, en quinto curso, ao iniciarmos o bacharelato superior, eramos coma unha tropa devastada; e así debeu de ser na realidade, porque —comprobo agora— o número de alumnas, que se mantivera constante sobre 130 durante todo o bacharelato elemental, quedou en 61 (32 de ciencias, 29 de letras) no paso ao bacharelato superior.

E hoxe os nosos destinos vólvense atopar. Señor Presidente, señoras e señores académicos: ao me faceren a honra de escollerme para pronunciar o discurso de resposta neste acto de recepción e benvida á nova académica, sen o saberen, anoaron de novo as nosas vidas; e, de novo, en Pontevedra, no corazón da Boa Vila, a poucos pasos do instituto onde nos atopamos por primeira vez, no camiño que tantas veces percorreríamos xuntas. Grazas por este galano. Grazas tamén, Fina, porque sei que tamén para ti este novo vencello reforza de maneira indisoluble o anterior.

No entanto, entre aquel 1962 e este 2013, Fina, puntada a puntada, foi creando outros vínculos, tecendo complicidades, compoñendo outras redes; retallo a retallo, foi cosendo con fío de seda as súas pezas no tecido da súa experiencia e da súa memoria, creando mesta e ben trabada comunidade no mundo dos afectos e dos soños, do ensino e da instrución pública, da acción cívica, das letras e da cultura... Non por acaso ela ía para modista e xa con nove anos andaba nas clases de “corte e confección”; igual o sector da moda galega perdeu un gran nome de muller que unir aos dos nosos afamados modistos e modistas, pero en todo caso hai que lle agradecer a dona Teresa que tivese o bo acordo de facer que a filla lle seguise na escola. Porque o que é seguro é que gañamos unha gran mestra e unha grande escritora.

Atrás quedaron os estudos de maxisterio e chegaron os primeiros destinos, cando aínda non deixara a adolescencia. Todos eses lugares quedan para sempre unidos a Fina, nun sarillo vivencial que a fai acarrear por toda a provincia, sempre coa ollada posta na volta a Lérez: primeiro a Pontecesures, na ribeira do Ulla, e de alí a San Cibrán de Ribarteme, ao pé da raia do Miño; e logo para as rías, a Catoira e a Cambados; e de alí para o concello da Lama, a poñer escola en Covelo, na Barcia e en Campelo (parroquia de Xesta), preto dos cumes do Suído; de novo para as proximidades da beiramar, primeiro en Bora, ao pé de Pontevedra, e logo no Mosteiro (Meis, no Salnés); por fin un destino duradeiro, en Moraña, onde botou un cuarto de século; e, ao cabo, os dez últimos anos en Marín, no IES Illa de Tambo, de nome tan evocador, onde se xubilou, despois de catro décadas de docencia. Puntada a puntada foi bordando o seu mapa, feito de lembranzas destes lugares e dos afectos creados cos seus discípulos e os seus compañeiros, entre os que destaca a proximidade e o maxisterio doutro grande, don Avelino Pousa Antelo. Confesa que cada neno, cada nena, cada escola, foi deixando un pouso na súa memoria e que, ás veces, formula para si o desexo de que tamén algo bo dela quedase en todos e cada un deles. Entremedias están tamén, en lugar destacado, preferente, Mariano, fiel “compañeiro no camiño”, e, por suposto, Marcos e Rocío, as “dúas luces que o alumean” (as palabras son súas: tomo as referencias, algo adaptadas, das dedicatorias dos seus libros).

Entre aquela rapaciña de outrora e a muller que hoxe ingresa na Real Academia Galega está a vida plena dunha loitadora. Vencendo os medos, superando os atrancos, esquecendo as limitacións, ignorando a timidez. Desde unha casa na que non había libros, desde unha escola que non tiña biblioteca nin medios básicos, desde unha aldea sen ningunha infraestrutura cultural. A súa biografía é un exemplo de éxito persoal, ano a ano, primeiro nos estudos, logo na vida profesional, ao que contribúe a dedicación duns pais e dunha familia que apoian ese esforzo porque teñen a xenerosidade e a intelixencia de ver na educación e na cultura unha oportunidade de realización persoal e colectiva. A familia, sempre ese universo, na vida real do día a día e na vida real que transita pola súa obra: avós, pai, nai, irmá, home, fillo, filla..., incluso a gata, “que tamén é da casa”. E iso inflúe de maneira decisiva en Fina Casalderrey, que escolle con decisión aquilo polo que merece a pena dar a batalla,

dúas caras dunha mesma realidade: nunha, Galicia e o galego, a cultura da súa xente, o idioma dos seus pais, a lingua dos seus sonhos; noutra, a educación dos rapaces e rapazas, a instrución pública, a formación dos máis novos.

Ao ensino entregouse con dedicación desde o primeiro destino, aquel en que tivo a sorte de bater con Avelino Pousa Antelo. Alí foi onde, segundo conta, comezou a facer preguntas e a atopar algunhas respostas sobre a diglosia que se respiraba no ambiente. Tamén foi onde comezou coa escrita literaria, primeiro adaptando contos populares para a representación teatral na escola, antes de se atrever coas obras de creación propia (mal ventaba entón que a habían denunciar por cultivar a arte de Talía en galego!!). Falamos, por suposto, de ensino en galego, nunha escola que non é allea á sociedade e onde ten cabida o coñecemento da realidade circundante.

Por iso Fina, xa mestra de Matemáticas e Ciencias da Natureza, á primeira oportunidade diplómase en Lingua e Literatura Galegas na Escola Oficial de Idiomas, superando así unha eiva formativa que arrastraba coma todos os das xeracións anteriores ao inicio do proceso de normalización lingüística no ensino. A militancia a prol dun ensino plural e responsable e mais o desexo de anovar a escola, para achegala máis á cultura e á sociedade ás que se debe, levárona a experimentar cos seus alumnos un cambio do modelo educativo, iniciándoos na investigación da cultura da contorna (etnografía, ritos e crenzas, ditos e cántigas, medicina popular, costumes, lendas...), para —di ela— “amasar o pan da identidade”. Parte dos traballos resultantes destas iniciativas, varias veces premiadas en distintas instancias, chegaron a callar máis tarde nunha publicación colectiva (*Terras de Moraña. Unha realidade na historia, na lenda e na lembranza*, coordinada por Mariano García, 2002).

Díxonos hai un instante que unha parte importante da súa vida está na escola. Abofé! O compromiso co ensino e coa renovación dos métodos da escola non se limitou á súa entrega total aos alumnos e alumnas, dentro e fóra da aula, máis alá do estrito deber. Está tamén na publicación de *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*, en libros e materiais didácticos para o fomento da lectura nos primeiros cursos, na participación en informes sobre a educación (coma o da UNESCO de 1997, co suxestivo título de *La educación encierra un tesoro*), etc. etc. Sempre en



defensa dun ensino público e de calidade, ao servizo dun pobo e un país concretos, poñendo en valor a lingua e cultura propias, abrindo os ollos das novas xeracións para que saiban ollar o mundo enteiro desde o orgullo e o aprecio do noso...; para que —como nos lembra Fina—, poidan dicir con don Ramón que o seu lugar é “o berce de universo”. Cidadáns do mundo, si, mais con raiceiras nun lugar desde onde ollalo e aprecialo en toda a súa grandeza; porque, sábeo ela ben, as grandes árbores só medran coas raíces ben chantadas no chan.

Señoras e señores, na escolla de Fina Casalderrey para ocupar o posto deixado vacante polo chorado Xaime Illa Couto non tivo un peso menor esta condición de mestra vocacionada para o ensino primario e comprometida co ensino en galego. Un xesto mínimo co que esta corporación quixo acenar, agradecida, para o nutrido grupo de mestres e mestras que, xa desde tempos ben difíciles, contribuíron e contribúen co seu entusiasmo e a súa entrega persoal á dignificación da lingua de Galicia na escola. Fina Casalderrey traerá á Real Academia Galega, alta e clara, a súa voz.

Daquelas primeiras tentativas na literatura dramática, no ámbito escolar, Fina pasou á narración. Deuse a coñecer con *Mutacións xenéticas* en 1991 e desde entón xa vai alá máis de medio cento de títulos propios, ademais de case dúas ducias de textos contidos en obras colectivas. Os seus protagonistas son, coma os seus lectores, sobre todo, nenos e nenas, rapaces e rapazas; tamén son eles, decote, os narradores das súas historias, co mundo visto desde a súa altura e cos seus ollos. E aí xorde de novo a nai e a mestra, atenta e dedicada, experta na psicoloxía infantil e xuvenil; sabe dos seus intereses e dúbidas, dos seus medos e preocupacións, dos retos e riscos, das capacidades e fracasos... Coñecedora da lingua desde a cerna, o seu galego ofrécesenos enxebre e natural asemade; pero, ademais, afeita a observar a lingua e a expresión dos rapaces, domina os estilos e rexistros con tal mestría que nos seus libros os cativos pensan e falan como cativos, os rapaces como rapaces, os adultos como adultos. Os seus textos zumegan sensibilidade, mesmo para tratar os temas máis duros, e un exquisito sentido do humor —humor intelixente, que xoga coas palabras—, nacido da máis fina tradición galega.

Di no seu discurso a nova académica que “é na infancia onde se constrúe a identidade do ser humano”. Non estraña, por iso, que na súa obra ocupe un lugar

central ese lugar “onde habita o imaxinario”, os recordos da infancia lembrada ou soñada compartidos cos seus protagonistas. A aldea, a casa familiar coa contorna, os camiños e espazos transitados decote, o amplo ceo protector, o estreito vínculo con veciños e familiares, a convivencia cotiá...; a comunidade, en especial a familiar, sempre como unha táboa segura á que asirse, un agocho no que ampararse, unha illa de intimidade e afecto. A relación dos rapaces cos seus animais, moito máis ca simples mascotas, case membros da familia, cos que aprenden o espertar da vida, a responsabilidade polo outro, a lealdade e o compromiso: gatos (a comezar por Lúa, claro), paxaros, cans, cabalos... As amizades temperás, os primeiros amores e desamores, o descubrimento do outro sexo; a adolescencia entre o mundo rural e o urbano, entre o niño familiar e o complexo mundo que os rodea...

Mais non pensen vostedes que a literatura de Fina se limita á unha lembranza dunha infancia feliz e arcádica. Os seus personaxes son actuais: viven, pensan, divírtense e sofren coma os rapaces do noso tempo. Na súa obra teñen cabida a orfandade, o abandono paterno, a separación dos pais, as novas relacións de parella dos proxenitores, a desatención, novos irmás e novos modelos de familia, a adopción... A impotencia ante a doenza e a imposible aceptación da morte dos seres queridos. As difíciles relacións cos adultos, o sentimento de incompreensión mutua, o porto seguro do trato cos avós, o amparo e o desamparo. As relacións cos seus iguais, os xogos de rol, os contactos en internet, as redes sociais, as novas formas de contacto e amizade...; tamén o matonismo xuvenil e o acoso escolar, o maltrato, o temor ao abuso, a definición e reafirmación da personalidade, as dúbidas ante a propia sexualidade. O mundo da droga, roldando, tocando de preto, nos amigos, nos familiares, incluso nos proxenitores. A creba da economía familiar, o paro e a ruína empresarial; as dificultades da familia monoparental, económicas e organizativas; a emigración e a inmigración; o contacto con outras linguas, culturas e sociedades...

¿E que dicir da sensibilidade e cariño con que son tratados os vellos nos seus textos? Os avós son os heroes, o acubillo seguro, a man tendida ante o desazo e a incerteza, o facho que alumea as tebras...; tamén son o vínculo coa nosa estirpe, os transmisores do coñecemento ancestral, os que ensinan a cazar grilos ou saben contar unha lenda. Pero Fina tamén nos fala da soidade dos anciáns, que só poden remediar os nenos, netos reais ou finxidos. Un dos seus personaxes máis emocio-

nantes é o protagonista de *Quen me quere adoptar?*: o vello mestre xubilado que vive só co seu gato e centos e centos de libros, cada vez máis invadido polo desánimo e a tristeza... ata que decide fabricar a felicidade. Faino en forma de cartel que di “Quen me quere adoptar? Busco familia con nenos”, e logo engade “Sei latín e matemáticas”, e aínda “Non busco diñeiro”. E claro que o seu reclamo ten éxito: acode a el unha familia intelixente e sensible, desbordante de felicidade. A adopción ao revés: se quere que os seus fillos sexan nenos felices, poña un avó nas súas vidas.

Durante máis de dúas décadas foron sucedéndose os títulos, as camadas de lectores, os éxitos de público e crítica, o recoñecemento social. Viñeron as traducións: de maneira habitual ao español, ao euskera e ao catalán (nalgúns casos tamén á norma valenciana); algúns tamén ao bretón, coreano, inglés, francés, italiano e portugués (en versión europea e brasileira); varias das súas obras foron editadas en braille, tanto en versión orixinal coma nas traducións ao catalán. E viñeron os premios, os numerosísimos e prestixiosos premios, dentro e fóra das nosas fronteiras. Conto no seu currículo máis de vinte e cinco premios, ademais doutras distincións honoríficas; citarei só catro, de distinto tipo, para dar unha breve mostra do amplo e alto recoñecemento de Fina Casalderrey como autora de literatura infantil e xuvenil: Premio Merlín (1991), Premio O Barco de Vapor (1994), Premio EDEBÉ e Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (1996). A sociedade recoñeceulle tamén o seu mérito e dedicación, alí onde andou: por iso Fina ten a insignia de ouro do concello de Moraña (1996), a insignia de prata e ouro da Asociación Cultural Santa Cecilia de Marín (1999), a insignia de ouro da Asociación Cultural “Amigos de Pontevedra” (2000) e a Medalla Castelao (2003); aínda nestas últimas semanas foi recoñecida por Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) como Socia de Honra.

Paseniño, un atrás doutro, foron decorrendo tamén as conferencias, coloquios, mesas redondas, presentacións de libros, pregóns... Xunto coa noticia da súa literatura —razón principal pola cal, non o esquezamos, é reclamada desde todos estes foros—, Fina foi sementando aquí e acolá unha mensaxe clara a prol da importancia da literatura infantil na educación e na cultura, loitando contra os prexuízos que, non de raro, contribúen á menor visibilidade deste xénero. Revólvese, con razón, contra a minusvalorización da Literatura Infantil e Xuvenil (a LIX), reivin-

dicando que a minoría de idade da maior parte da lexión de lectores e lectoras —un público esixente ao que cómpre atraer, contentar e fidelizar— non é razón para cualificar esta literatura como “menor”. Infatigable, esta embaixadora da cultura galega foi proclamando a boa nova do noso rexurdir cultural, dentro e fóra de Galicia, en centros de ensino primario e secundario, universidades, asociacións culturais, centros galegos, feiras do libro, museos e casas da cultura... Un rexurdir que, cómpre dicilo ben alto, ten especial importancia no mundo da literatura infantil e xuvenil, ben visible se atendemos á nómina de creadores, ilustradores, editores, premios recibidos, traducións, exportación, volume de negocio... Nese peregrinar, Fina foi unindo ao seu mapa vital non só as principais vilas galegas, senón diferentes cidades por case toda España (en Asturias, Cantabria, Navarra, Aragón, Castela-León, Valencia, Madrid, Extremadura, Murcia, Andalucía, Canarias...); e máis aló, na Bretaña, en Suíza, Alemaña, Italia, Irlanda, Marrocos, Cuba, Venezuela, Panamá, México...

No marco da súa reivindicación da maioría de idade da literatura concibida para rapaces, Fina Casalderrey esfórzase ademais por esborrallar o falso límite que moitos procuran manter entre a LIX e chamada “literatura para adultos”. E non só porque defenda que moitos dos textos de autores e autoras que nunca escribiron pensando nun público xuvenil sexan capaces de engaiolar tanto os maiores coma os nenos, ou porque constate que moitos adultos nos sentimos prendidos, literalmente enganchados, en moitas das obras das que é autora, coma nas doutros autores deste xénero. No seu discurso mostrounos tamén como autores e autoras de diferentes linguas e culturas, así como as voces máis significativas do canon literario galego, procuraron nas paisaxes da infancia e nas lembranzas da nenez a fondura lírica e a forza que carga de vitalidade e sedución as súas mellores creacións.

O éxito como narradora, ininterrompido, non freou nin acomodou a esta muller, toda acción. Acompañouno das súas incursións no mundo da curtamente: sempre un paso máis, sempre un salto adiante. Veu primeiro o guión de *Garuda*, curta proxectada por primeira vez, non podía ser menos, nesta mesma sala do emblemático Teatro Principal de Pontevedra (2010); logo a exitosa e varias veces premiada *Dúas Letras* (2011). Ambas con Eloy Varela na dirección e con Fina completamente implicada na realización, o que equivale a dicir ‘ela e toda a

súa familia'; os espectadores de *Dúas Letras* lembrarán a actuación emocionante de dona Teresa, a nai, tan no seu papel que un diría que pasou a vida diante dunha cámara. En *Garuda* móstranos, coa gran sensibilidade que a caracteriza, unha familia enfrontada á doenza grave dun dos seus membros; xorden de xeito espontáneo as lembranzas e os afectos mesturados cos sentimentos de impotencia, desolación, desesperanza... En *Dúas Letras*, de base biográfica, fai unha homenaxe ás viúvas de vivos e ás nais orfas que agardan noticias, xa que non o retorno, daqueles que as abandonaron na terra; como dixo o xurado do Festival de Cans, que premiou co Can de Pedra a dona Teresa Fraga como mellor interpretación feminina, “Nunca unha carta non escrita foi tan ben lida”.

A súa última incursión no cinema —esperemos que non sexa a derradeira— é a adaptación de *Querido Tomás*, do académico Xosé Neira Vilas, en colaboración con Uxía Blanco, deste mesmo ano. Xa ven vostedes que este fío ten un percorrido moi longo: comezou facendo adaptacións de contos populares para o teatro escolar e aquí a está, escribindo o guiión que adapta ao cinema unha das grandes novelas da literatura galega contemporánea.

Señor Presidente, señoras e señores académicos, hoxe chega á Real Academia Galega Fina Casalderrey Fraga, co seu fardel de camiñante repleto de afectos e de compromiso, de cadeas de nomes de persoas boas e xenerosas que veñen canda ela, de éxitos na educación e na literatura, de soños cumpridos e por cumprir, de dedicación á construción colectiva da nación... Trae consigo tamén dúas mensaxes, formuladas con firmeza e convición xa nesta primeira intervención, neste mesmo acto de ingreso, ás que —con certeza— a Real Academia Galega será sensible.

Fina ergue a voz a prol da consideración como Literatura (con maiúsculas, sen adxectivos que a coloquen nun estamento inferior) da literatura escrita pensando nos menores de idade; pois, como ela di recollendo palabras dun personaxe de Neira Vilas, “Os zocos para un neno levan menos pau, pero dá máis traballo facelos”.

Fina reclama tamén o achegamento dos adultos aos cativos e rapaces “dende a alma”, sen a vaidade de quen se considera nun estamento superior, coa apertura de mente e a xenerosidade de quen procura comprender o mundo do outro, coa con-


vición de que os pequenos tamén poden comprender historias profundas, conmo-verse con sentimentos complexos, gozar do lirismo e da ironía... A fenda xeracional que tanto nos preocupa non se supera con mandatos nin normas sociais, senón con afecto e intelixencia; só tendendo ben esa man poderemos conseguir que as xeracións que nos seguen camiñen connosco, sentíndose acollidas como parte dun proxecto común.

Ela será a nosa guía, ela pode axudarnos nese achegamento. Porque todos nós —todos e todas—, temos o mandato de que a lingua e a nación galega florezan outras mil primaveras máis.

## Índice

DISCURSO DA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA FINA CASALDERREY	7
Refachos do corazón	9
Un conto para don Xaime	18
Onde habita o imaxinairo	23
Bibliografía consultada	46
RESPOSTA DA EXCELENTÍSIMA SEÑORA DONA ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO	49

**Real Academia Galega**  
Rúa Tabernas, 11  
15001 A Coruña  
Tlf. 981 207 308  
Fax 981 216 467



[secretaria@academia.gal](mailto:secretaria@academia.gal)  
[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

